



**ACTA XUNTA DE GOBERNO**

**SESIÓN ORDINARIA DE VINTE E CINCO DE OUTUBRO DE DOUS MIL VINTE E CATRO**

**Presidente:**

D. José Tomé Roca

**Sres/as. Deputados/as:**

D. Efrén Castro Caloto  
D. Pablo Rivera Capón  
D. Xosé María Arias Fernández  
D. Iván Castro Díaz  
D<sup>a</sup>. Iria Castro Fernández

**Secretario:**

D. José Antonio Mourelle Cillero

**Interventora:**

D<sup>a</sup>. Rosa Abelleira Fernández

No Salón de Comisións do Pazo Provincial, sendo as once horas do día **vinte e cinco de outubro de dous mil vinte e catro**, baixo a Presidencia do titular do cargo Ilmo. Sr. D. José Tomé Roca, reúnense as señoras e señores Deputados/as na marxe relacionados/as, co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, sesión ordinaria convocada para o efecto, para tratar os asuntos incluídos na Orde do Día regulamentariamente remitida, en virtude das facultades delegadas que lle confire á Xunta o artigo 59 do vixente Regulamento Orgánico desta Corporación.

Actúa de Secretario o titular da Corporación don José Antonio Mourelle Cillero, e asiste a Interventora dona Rosa Abelleira Fernández.

Non asisten a señora deputada dona M<sup>a</sup>. Del Pilar García Porto e os señores deputados don Miguel Fernández Méndez e don Carlos López López.

|                            |   |                     |                     |
|----------------------------|---|---------------------|---------------------|
|                            | IV7VUUA7JFXPT5N54BPCMNPUK4  | <b>Fecha y Hora</b> | 29/10/2024 11:43:36 |
| <b>Normativa</b>           | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. |                     |                     |
| <b>Firmado por</b>         | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO   |                     |                     |
| <b>Firmado por</b>         | JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)   |                     |                     |
| <b>Url de verificación</b> | <a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7VUUA7JFXPT5N54BPCMNPUK4">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7VUUA7JFXPT5N54BPCMNPUK4</a>   | <b>Página</b>       | 1/89                |



**1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA O DÍA DEZAOITO DE OUTUBRO DE DOUS MIL VINTE E CATRO.**

Por parte do Sr. Presidente pregúntase aos Sres. Deputados, membros da Xunta de Goberno, se teñen que formular algunha observación á acta da sesión ordinaria celebrada o día dezaeito de outubro de dous mil vinte e catro que foi distribuída entre os mesmos; e ao non presentarse ningunha emenda, foi aprobada por unanimidade dos asistentes.

**2.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO PROCEDEMENTO DE ADXUDICACIÓN E DO PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES E DE PRESCRICIÓN TÉCNICAS PARA A CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE DESEÑO, ELABORACIÓN E EXECUCIÓN DUN PLAN DE USO DAS INSTALACIÓN DE PIRAGÜISMO DA DEPUTACIÓN DE LUGO E PROMOCIÓN DO PIRAGÜISMO NA PROVINCIA DE LUGO.**

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

“Aos efectos de aprobación do expediente de contratación do servizo de deseño, elaboración e execución dun plan de uso das instalacións de piragüismo da Deputación de Lugo e promoción do piragüismo na provincia de Lugo, expediente 2024/CON\_02/000059, consta no mesmo:


1. Orden de inicio de expediente de contratación con CSV: IV7UETD4MFNOKS4DUN64CF3UIE.
2. Memoria xustificativa do contrato, con CSV: IV7UETD7EA57TNJPRV5DGY2QMM.
3. Prego de prescricións técnicas con CSV: IV7UETD4JIJ2V2O42YIHJZYEIM.
4. Informe de Intervención relativo á consignación orzamentaria con CSV: IV7UE4A6NZ46RNNKXR4CVJRMQ.
5. Prego de cláusulas administrativas particulares con CSV: IV7UGPLZZRVNZTHZS3YFCRJT7Y.
6. Informe xurídico, conformado pola Secretaría Xeral, con CSV: IV7UGPL4PBVNRNGL64IMORPR6E.
7. Fiscalización limitada previa do expediente.

Á vista do exposto, remítese o expediente correspondente a dito contrato e propónse que, pola Xunta de Goberno, se adopten os seguintes acordos:

**1º.-** Aprobación do servizo de deseño, elaboración e execución dun plan de uso das instalacións de piragüismo da Deputación de Lugo e promoción do piragüismo na provincia de Lugo, expediente 2024/CON\_02/000059, cun prazo de duración de un ano, con posibilidade de tres prórrogas anuais.

**2º.-** Aprobación do contido íntegro do expediente, incluídos os pregos de cláusulas administrativas particulares e prescricións técnicas que rexerán na licitación do contrato sinalado no parágrafo anterior, nos que se conteñen, de acordo co

|                     |   |              |                     |
|---------------------|---|--------------|---------------------|
|                     | IV7VUUA7JFXPT5N54BPCMNUK4   | Fecha y Hora | 29/10/2024 11:43:36 |
| Normativa           | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. |              |                     |
| Firmado por         | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO   |              |                     |
| Firmado por         | JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)   |              |                     |
| Url de verificación | <a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7VUUA7JFXPT5N54BPCMNUK4">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7VUUA7JFXPT5N54BPCMNUK4</a>     | Página       | 2/89                |





establecido na norma, e o informado no expediente, os criterios de solvencia técnica e económica de xeito adecuado e proporcionado á natureza da prestación, así como os criterios de valoración, para a selección da mellor oferta e a satisfacción das necesidades que motivaron o contrato; tendo a súa motivación na satisfacción do mandato de eficiencia no gasto público, e incorporar á contratación administrativa o obxectivo do efecto transversal mediante a incorporación dos aspectos sociais como obrigas esenciais de execución.

3º.- Aprobar e dispoñer o procedemento de adxudicación, que é o procedemento aberto, de conformidade co establecido no artigo 131 da LCSP e de acordo cos principios de igualdade, transparencia e libre competencia recollidos no artigo 132 da mesma Lei; considerando o carácter ordinario da súa aplicación, de conformidade co previsto na normativa; dispoñer a apertura do mesmo, mediante a inserción do correspondente anuncio no Diario Oficial da Unión Europea e no perfil do contratante da Deputación Provincial de Lugo (Xunta de Goberno), aloxado na Plataforma de Contratación do Sector Público ([www.contrataciondelestado.es](http://www.contrataciondelestado.es)).

4º.- Aprobar o gasto, segundo o orzamento base de licitación deste contrato, que ascende a 102.518,84 €, ao que se aplicará un IVE do 21%, 21.528,96 €, o que fai un total de 124.047,80 €.

A presente proposta de gasto anticipado cumpre o establecido no artigo 117.2 da LCSP e na base 18ª de execución do Orzamento Xeral.

Que o mencionado gasto financiarase con cargo á anualidade do 2025. A Deputación adquire o compromiso, supeditado ao cumprimento dos principios de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira de incluír, nos orzamentos do 2025, a cantidade indicada nas aplicación orzamentaria procedente.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

### 3.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DA SUBMINISTRACIÓN DUN CAMIÓN 4X4 NOVO CON CAIXA BASCULANTE PARA TERRA E CUÑA QUITANEVES PARA O PARQUE MÓBIL PROVINCIAL.

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:


“Vista a Acta da sesión da Mesa de Contratación, celebrada o 18 de outubro de 2024, na que se recollen os seguintes antecedentes e consideracións:

“*Antecedentes.*

1. Proposta de inicio de expediente de contratación e Memoria xustificativa do contrato, con CSV: IV7U4LZLDLV23XFCUFVQJZXU54<sup>1</sup>.

<sup>1</sup>Accesible no seguinte enlace <https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/pages/verification-code.htm>

|                     |   |              |                     |
|---------------------|---|--------------|---------------------|
|                     | IV7VUUA7JFXPT5N54BPCMNUK4   | Fecha y Hora | 29/10/2024 11:43:36 |
| Normativa           | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. |              |                     |
| Firmado por         | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO   |              |                     |
| Firmado por         | JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)   |              |                     |
| Url de verificación | <a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7VUUA7JFXPT5N54BPCMNUK4">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7VUUA7JFXPT5N54BPCMNUK4</a>     | Página       | 3/89                |



2. Prego de prescricións técnicas, con CSV: IV7U4LZIMDU4XVN56BUWOJDAGQ.
3. Informe de Intervención relativo á existencia e adecuación de crédito con CSV: IV7U4LXMAARYZ7R7WZXFJ57WKQ.
4. Prego de cláusulas administrativas particulares con CSV: IV7U4PTLZFG7JJO2ANPBGJTXAU.
5. Informe da Secretaría Xeral, con CSV: IV7U4PTPNIEPLHOZ5RWS4H7SMM.
6. Fiscalización limitada previa do expediente, con CSV: IV7U5S33FEUPXVFM476BEVR664.
7. Acordo de Xunta de Goberno do día 30 de agosto de 2024, polo que se aproba o expediente de contratación, os pregos de cláusulas administrativas e de prescricións técnicas, o procedemento de adxudicación e o gasto proposto, con CSV: IV7U63SJFVE57OXZBX54OAZ76U.
8. Anuncio de licitación e pregos, publicados na Plataforma de Contratación do Sector Público o día 04 de setembro de 2024.
9. Consta no expediente identificación dos licitadores presentados dentro do prazo a este procedemento, segundo a Plataforma de Contratación do Sector Público.
10. Acta da Mesa de Contratación, reunida en acto público con 24 de setembro de 2024, con CSV: IV7U23BM3ZG3YSJTXVASAJ2WGY, na que se recolle o seguinte:

“En primeiro lugar, dáse conta aos asistentes de que, segundo os datos obrantes na plataforma de contratación do sector público, a única empresa concorrente á licitación é Infonorte Tecnología S.L.

Considerando que a única licitadora concorrente presentou a súa proposta dentro do prazo concedido a tales efectos, a Mesa de contratación acorda admitir a oferta presentada, procedendo acto seguido á cualificación do sobre electrónico que contén a declaración de cumprimento de requisitos previos, resultando que o Anexos I presentado se axusta aos requisitos recollidos no PCAP.

A continuación procédese á apertura do sobre relativo aos criterios de adxudicación avaliados automaticamente mediante fórmulas matemáticas, cos seguintes resultados:

|                       | Oferta presentada<br>(IVE non incluído) | Puntuación acadada |
|-----------------------|---|--------------------|
| Prezo                 | 169.926 euros                           | 85                 |
| Prazo de entrega      | 60 días                                 | 10                 |
| Mellora na potencia   | 354 CV                                  | 2,5                |
| Mellora na cilindrada | 7.698 cc                                | 2,5                |
| Total                 |   | 100                |

Unha vez realizada a comprobación de que a proposta presentada non está incurso en valores anormais ou desproporcionados en aplicación do establecido no artigo 149.2 da LCSP, en relación co artigo 85 do RD 1098/2001 de 12 de outubro do RXCAP, procédese ao estudo da memoria técnica, resultando, segundo manifesta o Xefe do Parque Móbil, que o camión ofertado cumpre cos requisitos mínimos esixidos no PPT. Acto seguido a Mesa de contratación, acorda elevar ao Órgano de contratación a seguinte proposta:

|                     |   |              |                     |
|---------------------|---|--------------|---------------------|
|                     | IV7VUUA7JFXPT5N54BPCMNPUK4  | Fecha y Hora | 29/10/2024 11:43:36 |
| Normativa           | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. |              |                     |
| Firmado por         | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO   |              |                     |
| Firmado por         | JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)   |              |                     |
| Url de verificación | <a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7VUUA7JFXPT5N54BPCMNPUK4">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7VUUA7JFXPT5N54BPCMNPUK4</a>   | Página       | 4/89                |





1º.- Clasificar aos licitadores presentados, atendendo ao seguinte orde de importancia e ponderación.

| Nº ORDE |                           | PUNTUACIÓN TOTAL |
|---------|---------------------------|------------------|
| 1       | INFONORTE TECNOLOGÍA S.L. | 100,00           |

2º.- Requiritr ás empresas Infonorte Tecnología S.L. para que, dentro do prazo de dez días hábiles, presenten, a través da Plataforma de Contratación do Sector Público, a documentación á que se refire o artigo 150.2 da LCSP e que se recolle na cláusula décimo sétima do prego de cláusulas administrativas -sempre que non se tivese aportado con anterioridade ou non conste no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Estado (ROLECE) nin no Rexistro Xeral de Contratistas de Galicia e acredite a constitución da garantía definitiva, por importe de 8.496,3 euros (5% do prezo de adxudicación), significándolle que de conformidade co establecido no artigo 150.2 da LCSP, de non cumprimentarse adecuadamente o requirimento no prazo sinalado, entenderase que o licitador retirou a súa oferta, procedéndose a esixir o importe do 3 por cento do presuposto base de licitación, IVE excluído, en concepto de penalidade.”

11. Resolución da Presidencia do día 27 de setembro de 2024, con CSV: IV7U2C27B4UZZDNMBTVSMRHGGU, pola que se acepta a proposta da mesa de contratación, se clasifica aos licitadores, e se insta ó requirimento da documentación á que se refire o artigo 150 da LCSP ao mellor clasificado.

12. Consta no expediente requirimento de documentación administrativa, cursado polo Servizo de Contratación e Fomento a través da Plataforma de Contratación do Sector Público o día 1 de outubro de 2024.


13. Documentación administrativa presentada a través da Plataforma de Contratación do Sector Público o día 14 de outubro de 2024, e completada a través da sede electrónica da Deputación de Lugo o día 17 de outubro de 2024.

Reunida a mesa de contratación o día de hoxe, 18 de outubro de 2024, aos efectos de examinar a documentación do artigo 150 da LCSP, infórmase que a licitadora presentou a través da Plataforma de Contratos do Sector Público e da sede electrónica da Deputación Provincial de Lugo, a documentación requirida pola Mesa na sesión precedente.

Incorpórase ao expediente, certificado do ROLECE, certificado de alta en IAE, certificado da Recadación Provincial e carta de pago da garantía depositada.

Tendo en conta que aos membros da mesa, de forma previa á celebración da mesma, se lles da acceso ao expediente electrónico aos efectos de poder consultar toda a documentación que o integra; ao non facer observación ningunha neste senso enténdese que a documentación presentada é correcta.

|                     |   |              |                     |
|---------------------|---|--------------|---------------------|
|                     | IV7VUUA7JFXPT5N54BPCMNPUK4  | Fecha y Hora | 29/10/2024 11:43:36 |
| Normativa           | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. |              |                     |
| Firmado por         | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO   |              |                     |
| Firmado por         | JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)   |              |                     |
| Url de verificación | <a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7VUUA7JFXPT5N54BPCMNPUK4">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7VUUA7JFXPT5N54BPCMNPUK4</a>   | Página       | 5/89                |



A Mesa de Contratación, vista a documentación presentada, por unanimidade dos seus membros, acorda propoñer que, pola Xunta de Goberno, previa fiscalización, se adopte o seguinte acordo:

Adxudicar á empresa Infonorte Tecnología S.L. a contratación da subministración dun camión 4x4 novo con caixa basculante para terra e cuña quitaneves para o Parque Móbil da Deputación Provincial de Lugo, por un importe de 169.926 euros, aos que se engadirán 35.684,46 euros en concepto de IVE, o que ascende a un total de 205.610,46 euros, cun prazo de entrega de 60 días naturais. O licitador oferta un vehículo cunha potencia de 354 CV e unha cilindrada de 7698 cm<sup>3</sup>.

Dar traslado da presente proposta de acordo ao departamento de Intervención para que proceda á fiscalización previa da adxudicación aos efectos oportunos.”

Vista a fiscalización previa de conformidade, propónse que pola Xunta de Goberno, se adopte o seguinte acordo:

**1º.-** Adxudicar á empresa Infonorte Tecnología S.L. a contratación da subministración dun camión 4x4 novo con caixa basculante para terra e cuña quitaneves para o Parque Móbil da Deputación Provincial de Lugo, por un importe de 169.926 euros, aos que se engadirán 35.684,46 euros en concepto de IVE, o que ascende a un total de 205.610,46 euros, cun prazo de entrega de 60 días naturais. O licitador oferta un vehículo cunha potencia de 354 CV e unha cilindrada de 7698 cm<sup>3</sup>.

**2º.-** Son condicións especiais ás que se lles atribúe o carácter de obrigas contractuais esenciais aos efectos do art. 211.1.f), en cumprimento do previsto no art. 202, ambos da LCSP, e polo tanto terán esta condición as obrigas recollidas na cláusula 22.2 do PCAP.


**3º.-** Publicar no sitio web da Deputación de Lugo no menú servizos- perfil do contratante (<http://www.deputacionlugo.org/> ou [www.contrataciondelestado.es](http://www.contrataciondelestado.es)), e notificar aos interesados a adxudicación de acordo co previsto nos artigos 54 e 151 do LCSP.

**6º.-** Instar, de conformidade co disposto no artigo 153 da LCSP, á formalización en documento administrativo da presente contratación, que terá lugar unha vez transcorrido o prazo de quince días hábiles a contar desde a remisión da notificación da adxudicación aos licitadores, sen que se houbera interposto recurso especial en materia de contratación, que leve aparelada a suspensión da formalización.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

#### **4.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE PROPOSTAS RELATIVAS Á TRAMITACIÓN DE CONVENIOS CON ENTIDADES E CONCELLOS.**

|                            |   |                     |                     |
|----------------------------|---|---------------------|---------------------|
|                            | IV7VUUA7JFXPT5N54BPCMNUK4   | <b>Fecha y Hora</b> | 29/10/2024 11:43:36 |
| <b>Normativa</b>           | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. |                     |                     |
| <b>Firmado por</b>         | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO   |                     |                     |
| <b>Firmado por</b>         | JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)   |                     |                     |
| <b>Url de verificación</b> | <a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7VUUA7JFXPT5N54BPCMNUK4">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7VUUA7JFXPT5N54BPCMNUK4</a>     | <b>Página</b>       | 6/89                |





1ª.- Proposta de aprobación do convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e a Fundación TerrEo para cooperar no financiamento dos gastos derivados da execución da actuación “Reactivación da economía e promoción do emprego no concello de Ribeira de Piquín afectado polo despoboamento”. a través da posta en funcionamento dunha gasoleneira. Anos 2024 e 2025.

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

“Visto o informe da Sección de Fomento do Servizo de Contratación e Fomento no que literalmente se establece o seguinte:

“Asunto: informe favorable.

Visto o escrito remitido dende a Fundación TerrEo (EXP-2024/PES\_03/013099) no que solicita a formalización dun convenio plurianual para cooperar no financiamento dos gastos derivados da execución da actuación “Reactivación da economía e promoción do emprego no Concello de Ribeira de Piquín afectado polo despoboamento” a través da posta en funcionamento dunha gasoleneira”, anos 2024 e 2025, por importe total de 115.923,72 €, que serán financiados do seguinte xeito:

| ACHEGA DEPUTACIÓN                                      |  | ACHEGA DA FUNDACIÓN                               |   |
|--|--|---|---|
| ANO 2024:<br>Liña 1: 3.500,00 €<br>Liña 2: 40.000,00 € | ANO 2025:<br>Liña 1: 56.000,00€<br>Liña 2: 10.500,00 € | ANO 2024:<br>Liña 1: 1.000,00 €<br>Liña 2: 0,00 € | ANO 2025:<br>Liña 1: 4.923,72 €<br>Liña 2: 0,00 € |
| TOTAL: 110.000,00 € €                                  |  | TOTAL: 5.923,72 €                                 |   |
| TOTAL (SEN IVE): 115.923,72 €                          |  |   |   |

Dende a Sección de Fomento do Servizo de Contratación e Fomento, emítese informe favorable en base ás seguintes consideracións:

*Consideracións xurídico administrativas.*

*Lexislación de réxime local.*

Primeira.- Son fins propios e específicos da Provincia garantir os principios de solidariedade e equilibrio intermunicipais, no marco da política económica e social (art. 31.2 LBRL).

Entre as competencias propias das Deputacións Provinciais, o artigo 36.1 da citada LBRL sinala: “(...) d) A cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito. (...)”.

No mesmo senso se pronuncia o artigo 109 da LALG ao sinalar que: “é competencia propia da Deputación, en calquera caso, en xeral, o fomento e a administración dos intereses peculiares da provincia”, subliñando que as competencias propias das Deputacións son ademais das atribuídas polas leis do Estado, as asignadas no mesmo concepto polas leis das Comunidades Autónomas.

|                     |   |              |                     |
|---------------------|---|--------------|---------------------|
|                     | IV7VUUA7JFXPT5N54BPCMNPUK4  | Fecha y Hora | 29/10/2024 11:43:36 |
| Normativa           | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. |              |                     |
| Firmado por         | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO   |              |                     |
| Firmado por         | JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)   |              |                     |
| Url de verificación | <a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7VUUA7JFXPT5N54BPCMNPUK4">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7VUUA7JFXPT5N54BPCMNPUK4</a>   | Página       | 7/89                |



Segunda.- No artigo 111 do Real Decreto Legislativo 781/86 de 18 de abril, do texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, dispónse que: “as Entidades Locais poderán concertar os contratos, pactos ou condicións que teñan por conveniente, sempre que non sexan contrarios ó interese público, ó ordenamento xurídico ou ós principios de boa administración, e deberán cumprilos a teor dos mesmos, sen prexuízo das prerrogativas establecidas, no seu caso, a favor de ditas Entidades”.

*Normativa común sobre o réxime xurídico do sector público.*

Primeira.- O artigo 47.1 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público, recolle a definición de convenios, establecendo que: “Son convenios os acordos con efectos xurídicos adoptados polas Administracións Públicas, os organismos públicos e entidades de dereito público vinculados ou dependentes ou as Universidades públicas ente si ou con suxeitos de dereito privado para un fin común. Os convenios non poderán ter por obxecto prestacións propias dos contratos. En tal caso, a súa natureza e réxime xurídico axustarase ao previsto na lexislación de contratos do sector público. (...)”.

Este mesmo artigo 47, no seu punto segundo, sinala, respecto á tipoloxía dos convenios, que: “Os convenios que subscriban as Administracións Públicas, os organismos públicos e as entidades de dereito público vinculados ou dependentes e as universidades públicas, deberán corresponder a algún dos seguintes tipos: a) Convenios interadministrativos, asinados entre dúas ou mais Administracións públicas, ou ben entre dous ou mais organismos públicos ou entidades de dereito público vinculadas ou dependentes de distintas administracións públicas... (...)”.

Segunda.- En canto aos requisitos de validez e eficacia dos convenios, o artigo 48 da amentada Lei 40/2015, recolle o seguinte: “1. As Administracións Públicas poderán subscribir convenios con suxeito de dereito público e privado, sen que elo poida supoñer cesión de titularidade ou competencia; (...); 3. A subscrición de convenios deberá mellorar a eficiencia da xestión pública, facilitar a utilización conxunta de medios e servizos públicos, contribuír a realización de actividades de utilidade pública e cumprir coa lexislación de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira; (...); 5. Os convenios que inclúan compromisos financeiros deberán ser financeiramente sostibles, debendo quen os subscriban, ter capacidade para financiar os asumidos durante a vixencia do convenio; 6. As aportacións financeiras que se comprometan a facer os asinantes non poderán ser superiores aos gastos derivados da execución do convenio; (...); 8.- Os convenios perfecciónanse pola prestación do consentimento das partes. (...)”.

Terceira.- No que respecta ao contido dos convenios, o artigo 49 de Lei 40/2015, sinala que “(...) deberán incluír, polo menos:

Suxeitos que subscriben o convenio e a capacidade xurídica con que actúa cada unha das partes.

A competencia na que se fundamente a actuación da Administración Pública.

|                     |   |              |                     |
|---------------------|---|--------------|---------------------|
|                     | IV7VUUA7JFXPT5N54BPCMNP4  | Fecha y Hora | 29/10/2024 11:43:36 |
| Normativa           | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. |              |                     |
| Firmado por         | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO   |              |                     |
| Firmado por         | JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)   |              |                     |
| Url de verificación | <a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7VUUA7JFXPT5N54BPCMNP4">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7VUUA7JFXPT5N54BPCMNP4</a>       | Página       | 8/89                |







O Obxecto do convenio e actuacións a realizar por cada suxeito para o seu cumprimento, indicando, no seu caso, a titularidade do resultado obtido.

Obrigas e compromisos económicos asumidos por cada unha das partes , se os houbera, indicando a súa distribución temporal por anualidades e a súa imputación concreta ao orzamento, de acordo co previsto na lexislación orzamentaria.

Consecuencias aplicables no caso de incumprimentos das obrigas e compromisos asumidos por cada unha das partes, e no seu caso os criterios para determinar a posible sanción por incumprimento

Mecanismos de seguimento, vixilancia e control da execución do convenio e dos compromisos adquiridos polos asinantes.

Réxime de modificación do convenio.

Prazo de vixencia do convenio, tendo en conta:

1. Os convenios deberán ter unha duración determinada, que non poderá ser superior a catro anos, salvo que por norma se prevea un prazo superior.

2. En calquera momento, antes de finalizar o prazo previsto, os asinantes poderán acordar de forma unánime a súa prórroga por un período de ata catro anos adicionais ou a súa extinción.

(...)”.

Cuarta.- Polo que se refire ao contido da memoria, debe cumprir co previsto no artigo 50.1 da Lei 40/2015, do 1 de outubro e na Instrución Terceira do Acordo do Consello de Ministros do 15 de decembro de 2017, que establece as cuestións mínimas, en epígrafes diferenciados, a analizar na memoria xustificativa:

“1. A súa necesidade de subscribir o convenio e a oportunidade de facelo nese momento.

2. O seu impacto económico cuantificado.

3. A xustificación da natureza xurídica do convenio e, en particular, do carácter non contractual da actividade en cuestión á que se refire o obxecto do convenio.

4. Xustificación do previsto na Lei 40/2015, do 1 de outubro, en particular, no previsto no artigo 48 da citada Lei”

Quinta.- Sinalar que o convenio interadministrativo se configura como unha relación xurídica bilateral voluntaria, na que concorren competencias e fins comúns a todas as entidades, tanto pola causa, como polos fins e mesmo o seu ámbito, entendendo que a cooperación horizontal interadministrativa contribúe eficazmente á satisfacción dun fin público compartido, colaboración admitida tanto pola lexislación do réxime local estatal e autonómico, como polo artigo 12.4 da Directiva 2014/24, UE, do Parlamento Europeo, segundo se recolle na guía de colaboración pública horizontal (público – público).

A propia Xunta de Galicia ao abeiro do establecido na Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico regula diversos mecanismos de colaboración dentro do sector público e puxo en circulación a chamada guía de colaboración público - público da Comunidade Autónoma de Galicia, que serve de acervo xurídico - administrativo a tomar como referencia.

|                     |   |              |                     |
|---------------------|---|--------------|---------------------|
|                     | IV7VUUA7JFXPT5N54BPCMNPUK4  | Fecha y Hora | 29/10/2024 11:43:36 |
| Normativa           | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. |              |                     |
| Firmado por         | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO   |              |                     |
| Firmado por         | JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)   |              |                     |
| Url de verificación | <a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7VUUA7JFXPT5N54BPCMNPUK4">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7VUUA7JFXPT5N54BPCMNPUK4</a>   | Página       | 9/89                |



### Conclusións.

En base ao anteriormente exposto e tendo en conta que:

Primeiro.- A Fundación Terreo constituíuna o Concello de Ribeira de Piquín, representado polo seu alcalde presidente Roberto Fernández Rico, mediante escritura pública outorgada na Fonsagrada (Lugo) o 8 de marzo de 2021, ante o notario Carlos Antonio Doval Grande, co número de protocolo 304.

Segundo.- Nos estatutos da Fundación, concretamente no seu artigo artigo 6, recollese que a Fundación ten como obxectivo «a posta en valor e o aproveitamento do patrimonio, co fin de fomentar o desenvolvemento rural e impulsar a economía social local e a creación de emprego en Ribeira de Piquín e a súa contorna, contribuíndo a frear o despoboamento do municipio.

Para a consecución dos seus fins poderá realizar as seguintes actividades:

- a) Acondicionamento e aproveitamento de bens e terras en desuso para destinalas á produción ecolóxica en diferentes modalidades.
- b) Formación y creación de convenios de prácticas ou voluntariado con universidades e/ou empresas.
- c) Divulgación e publicidade de accións levadas a cabo pola Fundación.
- d) Dinamización económica do municipio e no seu entorno, con especial énfases na economía social

Terceiro.- Por Orde da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo do 8 de xuño de 2021 (Diario Oficial de Galicia núm., 115, do 18 de xuño) a Fundación TerrEo clasificouse de interese para o desenrolo rural de Galicia e adscribiuse a mesma á Consellería de Medio Rural aos efectos do exercicio das funcións de protectorado.

Advertidos erros en dita Orden, o 25 de xuño de 2021 publicouse no DOGA unha corrección de erros (Diario Oficial de Galicia núm. 120).


Cuarto.- O resultado da cooperación será da Fundación TerrEo que, segundo informe da Secretaria da Fundación “os ingresos obtidos da actuación revertirán nos gastos de funcionamento do propio proxecto, así como noutros gastos que poidan xurdir para dar cumprimento aos fins establecidos nos Estatutos desta Fundación”.

Quinto.- Existen títulos competenciais propios para articular e ordenar unha cooperación administrativa.

Sexto.- No convenio concretase o seu ámbito territorial e a entidade que debe asumir os seus resultados e reflicte o contido pautado no artigo 49 da Lei 40/2015, do 1 de outubro (LRXSP).

Sétimo.- Nestes supostos de relación interadministrativa de cooperación con contraprestacións entre os beneficiarios non é de aplicación a lexislación xeral de subvencións.

|                     |   |              |                     |
|---------------------|---|--------------|---------------------|
|                     | IV7VUUA7JFXPT5N54BPCMNPUK4  | Fecha y Hora | 29/10/2024 11:43:36 |
| Normativa           | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. |              |                     |
| Firmado por         | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO   |              |                     |
| Firmado por         | JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)   |              |                     |
| Url de verificación | <a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7VUUA7JFXPT5N54BPCMNPUK4">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7VUUA7JFXPT5N54BPCMNPUK4</a>   | Página       | 10/89               |





Oitavo.- Consta informe de consignación orzamentaria.

A Deputación de Lugo efectuará unha achega de 43.500,00€ con cargo ao Orzamento Xeral da Deputación de Lugo da anualidade 2024 (40.000,00 € na aplicación orzamentaria 4330.789 para gastos da Liña 2 e 3.500,00 na aplicación orzamentaria 4330.48911 para gastos da Liña 1) para financiar os gastos que se deriven da execución da anualidade do 2024.

A Deputación adquire o compromiso de incluír no orzamento do ano 2025 o importe de 66.500,00 € (10.500,00 € na aplicación orzamentaria 4330.789 para gastos da Liña 2 e 56.000,00 € na aplicación orzamentaria 4330.48911 para gastos da Liña 1) para sufragar os gastos que se deriven da execución da anualidade do 2025, tendo en conta que se trata dun gasto plurianual, e polo tanto, o seu financiamento queda supeditado á dispoñibilidade orzamentaria e ao cumprimento do principio de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

Noveno.- O órgano competente para a aprobación do gasto, concesión desta axuda e aprobación do convenio no que se instrumenta, é a Xunta de Goberno, en base ao establecido no artigo 59.8 e 18 do vixente regulamento orgánico da Excm. Deputación Provincial (BOP, núm. 202 de data 3 de setembro de 2020) en relación co disposto no artigo 118.1 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público

Así pois a proposta de aprobación do convenio é axustada á regulamentación específica que se contempla nos artigos referidos polo que se informa favorablemente.”

Polo anteriormente exposto, tendo en conta que o expediente foi fiscalizado de conformidade por Intervención, propoño que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

1º.- Aprobar o texto do Convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e a Fundación TerrEo para cooperar no financiamento dos gastos derivados da execución da actuación “Reactivación da economía e promoción do emprego no Concello de Ribeira de Piquín afectado polo despoboamento” a través da posta en funcionamento dunha gasolinera, ANOS 2024 e 2025 por importe total de 115.923,72 € cuxo contido é o seguinte:

*Convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e a Fundación TerrEo para cooperar no financiamento dos gastos derivados da execución da actuación “Reactivación da economía e promoción do emprego no Concello de Ribeira de Piquín afectado polo despoboamento” a través da posta en funcionamento dunha gasolinera. Anos 2024 e 2025.*

Reunidos.

Dunha parte, don José Tomé Roca, Presidente da Deputación Provincial de Lugo, con N.I.F P-27000001 e sede social na rúa San Marcos 8, CP 27001, Lugo, actuando en

|                     |   |              |                     |
|---------------------|---|--------------|---------------------|
|                     | IV7VUUA7JFXPT5N54BPCMNPUK4  | Fecha y Hora | 29/10/2024 11:43:36 |
| Normativa           | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. |              |                     |
| Firmado por         | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO   |              |                     |
| Firmado por         | JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)   |              |                     |
| Url de verificación | <a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7VUUA7JFXPT5N54BPCMNPUK4">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7VUUA7JFXPT5N54BPCMNPUK4</a>   | Página       | 11/89               |



nome e representación da citada entidade, segundo dispón o artigo 34.1 b) da Lei 7/85, reguladora das Bases de Réxime Local.

Doutra parte, don Roberto Fernández Rico, Presidente da Fundación TerrEo, con N.I.F G-42882704 e sede social en Chao de Pousadorio s/n, Ribeira de Piquín, actuando en nome e representación da citada entidade e con acreditación suficiente para a celebración deste acto.

Ante don José Antonio Mourelle Cillero, Secretario Xeral da Deputación de Lugo, en exercicio das funcións que lle son propias de acordo coa normativa de aplicación.

Ambas as partes recoñécense mutuamente capacidade xurídica e representación necesaria para obrigarse nos termos do presente convenio e a tal efecto,

### *Manifestan*

Primeiro.- O artigo 111 do Real Decreto Legislativo 781/86 de 18 de abril, do texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, sinala que: “as Entidades Locais poderán concertar os contratos, pactos ou condicións que teñan por conveniente, sempre que non sexan contrarios ó interese público, ó ordenamento xurídico ou ós principios de boa administración, e deberán cumprilos a teor dos mesmos, sen prexuízo das prerrogativas establecidas, no seu caso, a favor de ditas Entidades”.

Segundo.- A Fundación Terreo constituíuna o Concello de Ribeira de Piquín, representado polo seu alcalde presidente Roberto Fernández Rico, mediante escritura pública outorgada na Fonsagrada (Lugo) o 8 de marzo de 2021, ante o notario Carlos Antonio Doval Grande, co número de protocolo 304.


Terceiro.- Nos estatutos da Fundación, concretamente no seu artigo artigo 6, recollese que a Fundación ten como obxectivo «a posta en valor e o aproveitamento do patrimonio, co fin de fomentar o desenvolvemento rural e impulsar a economía social local e a creación de emprego en Ribeira de Piquín e a súa contorna, contribuíndo a frear o despoboamento do municipio.

Para a consecución dos seus fins poderá realizar as seguintes actividades:

- a) Acondicionamento e aproveitamento de bens e terras en desuso para destinalas á produción ecolóxica en diferentes modalidades.
- b) Formación y creación de convenios de prácticas ou voluntariado con universidades e/ou empresas.
- c) Divulgación e publicidade de accións levadas a cabo pola Fundación.
- d) Dinamización económica do municipio e no seu entorno, con especial énfases na economía social

Cuarto.- Por Orde da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo do 8 de xuño de 2021 (Diario Oficial de Galicia núm,. 115, do 18 de xuño) a Fundación TerrEo clasificouse de interese para o desenrolo rural de Galicia e

|                     |   |              |                     |
|---------------------|---|--------------|---------------------|
|                     | IV7VUUA7JFXPT5N54BPCMNP4  | Fecha y Hora | 29/10/2024 11:43:36 |
| Normativa           | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. |              |                     |
| Firmado por         | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO   |              |                     |
| Firmado por         | JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)   |              |                     |
| Url de verificación | <a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7VUUA7JFXPT5N54BPCMNP4">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7VUUA7JFXPT5N54BPCMNP4</a>       | Página       | 12/89               |





adscribiuse a mesma á Consellería de Medio Rural aos efectos do exercicio das funcións de protectorado.

Advertidos erros en dita Orden, o 25 de xuño de 2021 publicouse no DOGA unha corrección de erros (Diario Oficial de Galicia núm. 120).

Quinto.- Son fins propios e específicos da Provincia garantir os principios de solidariedade e equilibrio intermunicipais, no marco da política económica e social (art. 31.2 LBRL). De acordo co establecido no artigo 36 LBRL modificado pola LRSAL unha competencia propia da Deputación é: “a cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito”.

No mesmo senso se pronuncia o artigo 109 da Lei de Administración Local de Galicia (Lei 5/1997 do 22 de xullo), ao sinalar que: “é competencia propia da Deputación, en calquera caso, en xeral, o fomento e a administración dos intereses peculiares da provincia”, subliñando que as competencias propias das Deputacións son ademais das atribuídas polas leis do Estado, as asignadas no mesmo concepto polas leis das Comunidades Autónomas (artigo 36.1 LBRL na súa vixente redacción).

Entre as competencias das Deputacións Provinciais, o artigo 36 da citada LBRL sinala: “(...) b) Asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos Municipios, especialmente os de menor capacidade económica e de xestión; (...), d) A cooperación no fomento do desenrolo económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito. (...)”.

Sexto.- Sinalar que o convenio interadministrativo se configura como unha relación xurídica bilateral voluntaria, na que concorren competencias e fins comúns a todas as entidades, tanto pola causa, como polos fins e mesmo o seu ámbito, entendendo que a cooperación horizontal interadministrativa contribúe eficazmente á satisfacción dun fin público compartido, colaboración admitida tanto pola lexislación do réxime local estatal e autonómico, como polo artigo 12.4 da Directiva 2014/24, UE, do Parlamento Europeo, segundo se recolle na guía de colaboración pública horizontal (público - público).

A propia Xunta de Galicia ao abeiro do establecido na Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico regula diversos mecanismos de colaboración dentro do sector público e puxo en circulación a chamada guía de colaboración público - público da Comunidade Autónoma de Galicia, que serve de acervo xurídico - administrativo a tomar como referencia.

Determinacións que se incorporan ao artigo 31 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público ao referirse a potestade de autoorganización e aos sistemas de cooperación pública, neste caso horizontal, vía convenio e sen que os resultados desa cooperación poda cualificarse de contractual, cumprindo as condicións enmarcadas no artigo 6.1 da mesma Lei de Contratos do Sector Público (lograr os obxectivos compartidos, guiándose por consideracións de interese público).

|                     |   |              |                     |
|---------------------|---|--------------|---------------------|
|                     | IV7VUUA7JFXPT5N54BPCMNPUK4  | Fecha y Hora | 29/10/2024 11:43:36 |
| Normativa           | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. |              |                     |
| Firmado por         | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO   |              |                     |
| Firmado por         | JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)   |              |                     |
| Url de verificación | <a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7VUUA7JFXPT5N54BPCMNPUK4">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7VUUA7JFXPT5N54BPCMNPUK4</a>   | Página       | 13/89               |



Sétimo.- A subscrición deste convenio mellora a eficiencia na xestión pública, contribúe á utilización conxunta de medios e servizos públicos, etc., e ademais encádrase no deber de colaboración e asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos concellos sinalada no artigo 36 da Lei 7/85, de Bases de réxime local.

Neste sentido, o propio artigo 57 da LBRL da preferencia á subscrición de convenios, antes que a outras técnicas de cooperación como os consorcios, como un instrumento eficaz na asignación de recursos públicos.

En virtude do sinalado anteriormente, todos os representantes, recoñécense a capacidade xurídica suficiente e subscriben en nome das entidades ás que representan o presente Convenio interadministrativo de cooperación, guiados exclusivamente por consideracións de interese público, de conformidade coas seguintes:

### Cláusulas.

#### Primeira.- Obxecto.

Este Convenio ten por obxecto establecer as bases de cooperación entre a Deputación de Lugo e a Fundación TerrEo en exercicio das súas competencias, para a execución da actuación que se detalla a continuación:

| Actuación   | ANO 2024<br>(IVE EXCLUÍDO) |
|---|----------------------------|
| REACTIVACIÓN DA ECONOMÍA E PROMOCIÓN DO EMPREGO NO CONCELLO DE RIBEIRA DE PIQUÍN AFECTADO POLO DESPOBOAMENTO. a través da posta en funcionamento dunha gasoleneira ANOS 2024 E 2025 |                            |
| Liña 1: Gasto Corrente<br>Aluguer das instalacións  | 4.500,00 €                 |
| Liña 2: Inversión<br>Adaptación das instalacións á normativa (obras nas instalacións)   | 40.000,00 €                |
| CUSTE TOTAL DA ANUALIDADE 2024 (IVE EXCLUÍDO)   | 44.500,00 €                |

| Actuación   | ANO 2025<br>(IVE EXCLUÍDO) |
|---|----------------------------|
| REACTIVACIÓN DA ECONOMÍA E PROMOCIÓN DO EMPREGO NO CONCELLO DE RIBEIRA DE PIQUÍN AFECTADO POLO DESPOBOAMENTO a través da posta en funcionamento dunha gasoleneira. ANOS 2024 E 2025                 |                            |
| Liña 1: Gasto Corrente<br>Inspeccións regulamentarias (OCA)<br>Subministro de combustibles<br>Contratación a xornada completa de persoal para atención das instalacións<br>Aluguer das instalacións | 60.923,72 €                |
| Liña 2: Inversión<br>Adaptación das instalacións á normativa (obras nas instalacións)   | 10.500,00 €                |
| CUSTE TOTAL DA ANUALIDADE 2025 (IVE EXCLUÍDO)   | 71.423,72 €                |

Para acadar este obxectivo compartido, ambas entidades comprométense a realizar as seguintes achegas económicas:

| ACHEGA DEPUTACIÓN                                      |  | ACHEGA DA FUNDACIÓN                               |   |
|--|--|---|---|
| ANO 2024:<br>Liña 1: 3.500,00 €<br>Liña 2: 40.000,00 € | ANO 2025:<br>Liña 1: 56.000,00€<br>Liña 2: 10.500,00 € | ANO 2024:<br>Liña 1: 1.000,00 €<br>Liña 2: 0,00 € | ANO 2025:<br>Liña 1: 4.923,72 €<br>Liña 2: 0,00 € |
| TOTAL: 110.000,00 € €                                  |  | TOTAL: 5.923,72 €                                 |   |
| TOTAL (SEN IVE): 115.923,72 €                          |  |   |   |

As achegas efectuaranse nos termos establecidos na cláusula quinta.

Ambas entidades comprométense a realizar as tramitacións xurídico administrativas que resulten necesarias para acadar o fin común, prestándose mutuamente a cooperación requirida.

|                     |   |              |                     |
|---------------------|---|--------------|---------------------|
|                     | IV7VUUA7JFXPT5N54BPCMNPUK4  | Fecha y Hora | 29/10/2024 11:43:36 |
O presente convenio ten natureza administrativa e non lle é de aplicación a Lei de contratos do sector público á vista do disposto no artigo 6 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspón ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014: “Quedan excluídos do ámbito da presente Lei os convenios, cuxo contido non esté comprendido no dos contratos regulados nesta Lei ou en normas administrativas especiais celebrados entre sí pola Administración Xeral do Estado, as Entidades Xestoras e os Servizos Comúns da Seguridade Social, as Universidades Públicas, as Comunidades Autónomas e as Ciudades Autónomas de Ceuta e Melilla, as Entidades locais, as entidades con personalidade xurídico pública dependentes delas e as entidades con personalidade xurídico privada, sempre que, neste último caso, teñan a condición de poder adjudicador. A súa exclusión queda condicionada ao cumprimento das seguintes condicións (...)”. Neste caso, cúmprense as condicións fixadas ao efecto polo párrafo 1º deste artigo sexto (letras a, b, c) xa que as entidades intervintes non teñen vocación de mercado (...), o convenio establece unha cooperación entre as entidades coa finalidade de garantir que os servizos públicos que lles incumben se presten de xeito que se acaden os obxectivos que teñen en común e, que o desenvolvemento da cooperación se guía unicamente por consideracións relacionadas co interese público. Ademais, no artigo 31.1 desta Lei, relativo á potestade de autoorganización e sistemas de cooperación pública vertical e horizontal, establécese que:

“As entidades pertencentes ao sector público poderán cooperar entre si dalgunha das seguintes formas, sen que o resultado desa cooperación poida cualificarse de contractual:

(...) b) Mediante sistemas de cooperación horizontal entre entidades pertencentes ao sector público, previa celebración dos correspondentes convenios, nas condicións e cos límites que se establecen no apartado 1 do artigo 6. (...)”.

As partes comprométese a resolver de xeito amigoso, calquera desacordo que poida xurdir no desenvolvemento do presente convenio a través da Comisión de Seguimento constituída.

Nestes supostos de cooperación entre Administracións Públicas, con contraprestacións entre as mesmas non é de aplicación a lexislación xeral de subvencións, consonte ao establecido no artigo 2.4 do Real Decreto 887/2006, no 21

|                     |   |              |                     |
|---------------------|---|--------------|---------------------|
|                     | IV7VUUA7JFXPT5N54BPCMNPUK4  | Fecha y Hora | 29/10/2024 11:43:36 |
| Normativa           | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. |              |                     |
| Firmado por         | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO   |              |                     |
| Firmado por         | JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)   |              |                     |
| Url de verificación | <a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7VUUA7JFXPT5N54BPCMNPUK4">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7VUUA7JFXPT5N54BPCMNPUK4</a>   | Página       | 65/89               |



de xullo, polo que se aproba o regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

Este convenio ten natureza administrativa e rexerese pola Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, así como pola Lei 40/2015, do 1 de outubro (artigos 47 e seguintes) e restantes disposicións de concordante e xeral aplicación, sendo competente para entender nos litixios que puidesen xurdir a xurisdición contencioso – administrativa.

E en proba de conformidade cos termos expostos, as partes comparecentes asinan o presente convenio do que como secretario dou fe.

**2º.-** Aprobar o gasto, por importe de 20.000,00€ con cargo á aplicación orzamentaria 3410.76200 do Orzamento Xeral Provincial para o exercicio 2024, a favor do Concello de Trabada, en concepto da achega económica comprometida pola Deputación no marco do devandito convenio.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

*5º.- Modificación do convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de A Pobra do Brollón, para a realización conxunta de “Obras urxentes no sistema viario municipal”, para o fin común de mellora dos servizos públicos no rural.*

Logo de ver a proposta do señor deputado delegado da Área de Medio Rural e do Mar e Mocidade, do seguinte teor:

“A Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Lugo acordou, o 22 de decembro de 2023, a aprobación do convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de A Pobra do Brollón, para a realización conxunta de “obras urxentes no sistema viario municipal”, para o fin común de mellora dos servizos públicos no rural, que foi asinado polas partes o día 27 do mesmo mes.

O 22 de outubro de 2024, tivo entrada no Rexistro Electrónico Xeral desta entidade escrito do representante legal do Concello de A Pobra do Brollón, no que, tras expoñer os motivos nos que funda o seu dereito, solicitou a tramitación do correspondente procedemento de modificación do convenio de referencia, para ampliar os prazos de execución e xustificación, que pasarían do 31 de outubro ao 30 de novembro de 2024 e do 30 de novembro ao 9 de decembro de 2024, respectivamente.

En relación con esta solicitude, dende a Sección I de Medio Rural e do Mar, e Mocidade, informouse favorablemente a dita modificación para a ampliación do prazo de execución, ata o 30 de novembro, e do de xustificación, ata o 9 de decembro, ambos do 2024, por aplicación do establecido na cláusula sexta do convenio e na normativa orzamentaria.

|                     |   |              |                     |
|---------------------|---|--------------|---------------------|
|                     | IV7VUUA7JFXPT5N54BPCMNPUK4  | Fecha y Hora | 29/10/2024 11:43:36 |
| Normativa           | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. |              |                     |
| Firmado por         | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO   |              |                     |
| Firmado por         | JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)   |              |                     |
| Url de verificación | <a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7VUUA7JFXPT5N54BPCMNPUK4">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7VUUA7JFXPT5N54BPCMNPUK4</a>   | Página       | 66/89               |





A dita modificación, segundo o dito informe, levaríase a cabo a través da correspondente addenda, por considerar xustificada o motivo da solicitude, e acreditados: o interese común na dita modificación; que esta non altera as condicións esenciais do documento inicial; e que, así mesmo, cumpre cos requisitos de vixencia do convenio e os límites temporais establecidos na Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público.

Así mesmo, dende a Sección I de Fomento, do Servizo de Contratación e Fomento, tendo en conta que mediaba a vontade das partes e que o convenio estaba vixente e que recollía a posibilidade da súa modificación, emitiuse informe xurídico favorable á mesma, no senso indicado no informe e nos borradores de proposta e addenda remitidos dende a Sección I de Medio Rural e do Mar, e Mocidade.

Polo exposto, propono que pola Xunta de Goberno se acorde:

**1º.-** A modificación das cláusulas terceira.B.7) e quinta do convenio de referencia, no que aos prazos de execución e xustificación se refire, e a aprobación do texto da addenda do seguinte teor:

*“Addenda ao convenio interadministrativo de cooperación entre a deputación provincial de lugo e o concello de a pobra do brollón, para a realización conxunta de “Obras urxentes no sistema viario municipal”, para o fin común de mellora dos servizos públicos no rural.*

*Reunidos.*

Dunha parte, don Xosé Tomé Roca, presidente da Deputación Provincial de Lugo, con NIF: 2700000-I, e sede social en Lugo, na rúa San Marcos 8, actuando en nome e representación da citada entidade, segundo dispón o artigo 34.1.b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL), e, no seu nome, don Daniel García Fernández, deputado delegado da Área de Medio Rural e do Mar, e Mocidade, en virtude da Resolución da Presidencia do 14 de xullo de 2023.

E doutra, don José Luis Maceda Vilariño, con DNI nº: \*\*\*0445\*\*, alcalde do Concello de A Pobra do Brollón, con NIF: P2704700J, e sede social na Avenida de Galicia, 50, de A Pobra do Brollón, actuando en nome e representación da citada entidade, segundo dispón o artigo 21.1.b) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (no sucesivo, LRBRL).

Actuando don José Antonio Mourelle Cillero, secretario xeral da Deputación Provincial de Lugo, en exercicio das funcións que lle son propias de acordo coa normativa de aplicación.

E actuando as partes en razóns das súas respectivas competencias e recoñecéndose poderes e facultades para formalizar a presente addenda,

|                     |   |              |                     |
|---------------------|---|--------------|---------------------|
|                     | IV7VUUA7JFXPT5N54BPCMNPUK4  | Fecha y Hora | 29/10/2024 11:43:36 |
| Normativa           | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. |              |                     |
| Firmado por         | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO   |              |                     |
| Firmado por         | JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)   |              |                     |
| Url de verificación | <a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7VUUA7JFXPT5N54BPCMNPUK4">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7VUUA7JFXPT5N54BPCMNPUK4</a>   | Página       | 67/89               |



*Expoñen.*

Primeiro.- O 27 de decembro de 2023 asinouse o convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de A Pobra do Brollón, para a realización conxunta de “Obras urxentes no sistema viario municipal”, para o fin común de mellora dos servizos públicos no rural.

Segundo.- A súa cláusula terceira (Obrigas, compromisos e facultades das partes) establece o seguinte:

“Para a consecución dos fins pretendidos coa sinatura do presente convenio, as partes que o subscriben conveñen o seguinte réxime de achegas, compromisos e facultades:

(...).

B. Do Concello de A Pobra do Brollón

(...).

7) Executar as obras na data límite do 31 de outubro de 2024.

(...).”

Terceiro.- Por outra banda, a cláusula quinta (Xustificación da achega económica), dispón que:

“Unha vez finalicen as obras previstas e contempladas neste convenio e, en todo caso, como máximo o 30 de novembro de 2024, o representante do Concello de A Pobra de Brollón presentará ante a Deputación Provincial de Lugo unha conta xustificativa conxunta das actuacións e dos gastos realizados, que terá o seguinte contido:

(...).”

Cuarto.- O 22 de outubro de 2024, tivo entrada no Rexistro Electrónico Xeral desta entidade escrito do representante legal do Concello de A Pobra do Brollón, no que, tras expoñer os motivos nos que funda o seu dereito, solicitou a tramitación do correspondente procedemento de modificación do convenio de referencia, para ampliar os prazos de execución e xustificación, que pasarían do 31 de outubro ao 30 de novembro de 2024 e do 30 de novembro ao 9 de decembro de 2024, respectivamente.

Quinto.- En relación con esta solicitude, dende a Sección I de Medio Rural e do Mar, e Mocidade, informouse favorablemente a dita modificación para a ampliación do prazo de execución, ata o 30 de novembro, e do de xustificación, ata o 9 de decembro, ambos do 2024, por aplicación do establecido na cláusula sexta do convenio e na normativa orzamentaria.

A dita modificación, segundo o dito informe, levaríase a cabo a través da correspondente addenda, por considerar xustificado o motivo da solicitude, e acreditados: o interese común na dita modificación; que esta non altera as condicións esenciais do documento inicial; e que, así mesmo, cumpre cos requisitos de vixencia do convenio e os límites temporais establecidos na Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público.

|                     |   |              |                     |
|---------------------|---|--------------|---------------------|
|                     | IV7VUUA7JFXPT5N54BPCMNUK4   | Fecha y Hora | 29/10/2024 11:43:36 |
| Normativa           | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. |              |                     |
| Firmado por         | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO   |              |                     |
| Firmado por         | JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)   |              |                     |
| Url de verificación | <a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7VUUA7JFXPT5N54BPCMNUK4">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7VUUA7JFXPT5N54BPCMNUK4</a>     | Página       | 68/89               |





Así mesmo, dende a Sección I de Fomento, do Servizo de Contratación e Fomento, tendo en conta que mediaba a vontade das partes e que o convenio estaba vixente e que recollía a posibilidade da súa modificación, emitiuse informe xurídico favorable á mesma, no senso indicado no informe e nos borradores de proposta e addenda remitidos dende a Sección I de Medio Rural e do Mar, e Mocidade.

De conformidade con estes antecedentes, as partes acordan modificar o convenio de cooperación de referencia, mediante esta addenda e de conformidade coas seguintes

*Estipulacións.*

Primeira.- A Cláusula terceira.- Obrigas, compromisos e facultades das partes, queda redactada como segue:

Para a consecución dos fins pretendidos coa sinatura do presente convenio, as partes que o subscriben conveñen o seguinte réxime de achegas, compromisos e facultades:

A. Da Deputación Provincial de Lugo

1) Financiamento dos gastos descritos na cláusula primeira, polos importes indicados, cun total de 50.021,67 €, con cargo á aplicación orzamentaria 4190.76200 do Orzamento Xeral Provincial do exercicio 2023.

2) No caso de producirse baixas na licitación ou de que os custos de execución do obxecto do convenio resulten inferiores aos inicialmente previstos, poderá reducir a cantidade estipulada para o financiamento por ela comprometido ou, previa solicitude do representante do Concello de A Pobra do Brollón, autorizar a aplicación dos remanentes producidos na execución de outras actuacións, que deberán ter a mesma finalidade e respecto das que deberá achegarse o correspondente proxecto.

3) No caso de producirse baixas na licitación e de que, porén, os custos de execución final das obras superen o importe da adxudicación, a Deputación financiará estes custos adicionais, sempre que deriven do exceso de medicións previsto no artigo 242.4 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, e o custo total non supere o importe citado no apartado 1) anterior.

B. Do Concello de A Pobra do Brollón.

1) Poñer a disposición os camiños nos que se van a executar as obras de rexeneración.

2) Obter os permisos e autorizacións que resulten preceptivas, de ser o caso, para a realización das obras, incluíndo o seu aseguramento.

3) Asumir a dirección de obra e a dirección da súa execución.

4) Asumir a coordinación en materia de seguridade e saúde das obras que o requiran legalmente.

5) Licitación a execución das obras con suxeición ao establecido na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, como órgano de contratación, soportando, de ser o caso, os tributos que se apliquen.

6) Achegar, como contribución ao fin común, a cantidade que, de esgotarse o orzamento inicialmente previsto, resulte necesaria para dar cumprimento ao fin común perseguido e á correcta execución das obras.

7) Executar as obras na data límite do 30 de novembro de 2024.

|                     |   |              |                     |
|---------------------|---|--------------|---------------------|
|                     | IV7VUUA7JFXPT5N54BPCMNPUK4  | Fecha y Hora | 29/10/2024 11:43:36 |
| Normativa           | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. |              |                     |
| Firmado por         | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO   |              |                     |
| Firmado por         | JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)   |              |                     |
| Url de verificación | <a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7VUUA7JFXPT5N54BPCMNPUK4">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7VUUA7JFXPT5N54BPCMNPUK4</a>   | Página       | 69/89               |



8) Autorizar cantas inspeccións e comprobacións se determinen pola Deputación Provincial de Lugo.

9) Convidar á representación institucional da Deputación de Lugo aos actos oficiais, recepción e calquera outros relacionados coas actuacións obxecto deste convenio.

10) Difundir a colaboración prestada polo ente provincial no formato (cartel e/ou adhesivo ou semellante) que lle será facilitado polo Gabinete de Comunicación desta Deputación.

Segunda.- A Cláusula quinta.- Xustificación da achega económica, queda redactada como segue:

Unha vez finalicen as obras previstas e contempladas neste convenio e, en todo caso, como máximo o 9 de decembro de 2024, o representante do Concello de A Pobra do Brollón presentará ante a Deputación Provincial de Lugo unha conta xustificativa conxunta das actuacións e dos gastos realizados, que terá o seguinte contido:

Memoria das actuacións realizadas.

Relación clasificada de gastos polo custo total das actuacións obxecto deste convenio, con identificación do acredor e do documento, o seu importe, a data de emisión e a data de pago.

Resolución/s de adxudicación do/s contrato/s licitados para a execución do obxecto do convenio.

Acta/s de recepción das obras, expedida/s polo facultativo designado polo Concello de A Pobra do Brollón ou, no caso de que a intervención da comprobación material do investimento non sexa preceptiva, certificación/s, expedida/s polo xefe do centro, dependencia ou organismo a quen corresponda recibilas ou aceptalas, na que se expresará terse executado as obras con arranxo ás condicións xerais e particulares que, en relación con elas, foran previamente establecidas.

Certificación, expedida polo Interventor ou o Secretario municipal:

Indicativa do custo total das obras executadas e dos importes do financiamento.

Acreditativa de que a relación dos gastos da actuación atópase executada, as obrigas recoñecidas ou liquidadas polo órgano competente, e pagadas.

Indicativa de que as obras foron realizadas na súa totalidade co cumprimento das condicións estipuladas neste convenio.

Fotografías das obras realizadas no marco deste convenio.


Declaración responsable, emitida polo representante do Concello de A Pobra do Brollón:

Na que se indiquen as subvencións ou axudas obtidas doutras Administracións Públicas ou entidades, públicas ou privadas, para o mesmo obxecto contemplado neste convenio de cooperación, con indicación do seu importe e procedencia ou, no seu caso, o feito de non ter outras subvencións públicas ou privadas para a celebración da mesma actuación prevista neste convenio.

Na que se faga constar que este non é debedor por resolución de procedencia de reintegro, é dicir, que non ten pendente de ingreso no Tesouro Público ningunha reclamación de débeda derivada dunha resolución de reintegro de axuda pública.

Na que se faga constar que este se atopa ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social.

|                     |   |              |                     |
|---------------------|---|--------------|---------------------|
|                     | IV7VUUA7JFXPT5N54BPCMNPUK4  | Fecha y Hora | 29/10/2024 11:43:36 |
| Normativa           | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. |              |                     |
| Firmado por         | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO   |              |                     |
| Firmado por         | JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)   |              |                     |
| Url de verificación | <a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7VUUA7JFXPT5N54BPCMNPUK4">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7VUUA7JFXPT5N54BPCMNPUK4</a>   | Página       | 70/89               |





Indicando que a entidade asumiu o custo do Imposto sobre o valor engadido (IVE), por non ter a posibilidade de compensalo ou recuperalo. Ou ben indicando que o concello non asume o custo do IVE, por ter a posibilidade de compensalo ou recuperalo.

Na que se faga constar que as obras executadas foron obxecto de cooperación coa Deputación Provincial de Lugo e que este extremo se inseriu na publicidade e nos soportes que se utilizaron na execución de aquelas.

Documento, emitido pola entidade bancaria, no que se indique o número da conta na que se procederá, no seu caso, ao abono do gasto xustificado.

Unha vez aprobada a conta xustificativa pola Deputación Provincial de Lugo, esta procederá ao aboamento das cantidades que resulten fiscalizadas favorablemente.

Terceira.- As partes acordan a incorporación desta addenda ao texto do convenio interadministrativo de referencia, rexéndose aquela polas condicións estipuladas neste e formando parte del integrante.

O resto das cláusulas do convenio quedan inalteradas.

E para que así conste, en proba de conformidade de canto antecede, asinan a presente addenda, que consta de 5 páxinas numeradas, na data da sinatura electrónica, do que como secretario dou fe”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

*6ª.- Proposta de autorización, se procede, para para destinar os remanentes derivados da licitación das actuacións comprometidas no marco do convenio de cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de Trabada para cooperar na “Construcción dun campo de bolos tradicional no complexo deportivo de Trabada; actuacións de mellora no complexo deportivo de Trabada e pavimentación e servizos na calle Joaquín Velasco” ano 2023, na liquidación da obra “Pavimentación e servizos da calle Joaquín Velasco”.*

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Visto o informe da Sección de Fomento do Servizo de Contratación e Fomento no que literalmente de establece o seguinte:

Autorización para destinar os remanentes derivados da licitación das actuacións comprometidas no marco do convenio de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Trabada para cooperar na “Construcción dun campo de bolos tradicional no complexo deportivo de Trabada; actuacións de mellora no complexo deportivo de Trabada e pavimentación e servizos da calle Joaquín Velasco” ano 2023, na liquidación da obra “Pavimentación e servizos da calle Joaquín Velasco”.

En relación ao asunto de referencia (2024/PES\_03/017047) dende a Sección de Fomento do Servizo de Contratación e Fomento, emítase o seguinte informe:

|                     |   |              |                     |
|---------------------|---|--------------|---------------------|
|                     | IV7VUUA7JFXPT5N54BPCMNP4  | Fecha y Hora | 29/10/2024 11:43:36 |
| Normativa           | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. |              |                     |
| Firmado por         | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO   |              |                     |
| Firmado por         | JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)   |              |                     |
| Url de verificación | <a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7VUUA7JFXPT5N54BPCMNP4">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7VUUA7JFXPT5N54BPCMNP4</a>       | Página       | 71/89               |



*Antecedentes de feito.*

Primeiro.- A Xunta de Goberno, en sesión celebrada o 26 de maio de 2023, acordou, por unanimidade dos asistentes, aprobar o texto do convenio de cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de Trabada para cooperar na “Construción dun campo de bolos tradicional no complexo deportivo de Trabada; actuacións de mellora no complexo deportivo de Trabada e pavimentación e servizos da calle Joaquín Velasco” ano 2023, por importe total de 120.660,19 € e o gasto, en concepto de achega económica, por parte da Deputación, por importe de 115.000,00 € para o financiamento dos fins e actuacións contempladas no convenio, con cargo a aplicación orzamentaria 9420.76200 do orzamento xeral do ano 2023.

Segundo.- O convenio de cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de Trabada para cooperar na “Construción dun campo de bolos tradicional no complexo deportivo de Trabada; actuacións de mellora no complexo deportivo de Trabada e pavimentación e servizos da calle Joaquín Velasco” ano 2023, formalizouse o 26 de maio de 2023.

Terceiro.- O Alcalde do Concello de Trabada remitiu escrito, o 4 de outubro de 2024 (2024RT017168), no que literalmente se establece o seguinte:

“Expón

Con data 9 de maio de 2023 o Concello de Trabada asinou coa Deputación provincial de Lugo un convenio triple para a “Construción dun campo de bolos tradicional no complexo deportivo de Trabada” “Actuacións de mellora no complexo deportivo de Trabada” e Pavimentación e servizos da rúa Joaquín Velasco” por importe de 115.000€.

Vista a baixa que tivo lugar na execución do convenio por importe de 2.210,80 €.

Solicita

Aplicar os remanentes de 2.210,80 na liquidación da obra “Pavimentación e servizos da Rúa Joaquín Velasco”.

*Consideracións xurídico- administrativas.*

Primeira.- No convenio de referencia establécese o seguinte:

Na cláusula terceira - Obrigas e compromisos das partes.

“3.1. Deputación Provincial de Lugo

En cumprimento do presente convenio interadministrativo de cooperación, a Deputación Provincial comprométese ao seguinte:


(...)

3. En caso de producirse baixas na licitación ou na execución, reducir a cantidade estipulada para o financiamento comprometida polo Concello, ou previa solicitude do Concello autorizar a aplicación dos remanentes producidos na licitación ou execución noutra actuación, que deberá ter a mesma finalidade e respecto da que deberá achegarse proxecto das actuacións pretendidas.

(...)”.

Na cláusula quinta. Duración do convenio.

|                     |   |              |                     |
|---------------------|---|--------------|---------------------|
|                     | IV7VUUA7JFXPT5N54BPCMNP4  | Fecha y Hora | 29/10/2024 11:43:36 |
| Normativa           | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. |              |                     |
| Firmado por         | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO   |              |                     |
| Firmado por         | JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)   |              |                     |
| Url de verificación | <a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7VUUA7JFXPT5N54BPCMNP4">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7VUUA7JFXPT5N54BPCMNP4</a>       | Página       | 72/89               |







“A vixencia do presente convenio xurdirá efecto a partir da data da súa sinatura, aínda que con efectos económicos desde o 1 de xaneiro de 2023 e manterase ata o cumprimento dos compromisos e obrigas asumidos no mesmo.

A data límite de vixencia do convenio será coa aprobación da conta xustificativa e o seu pagamento que, salvo prórroga expresa antes da súa finalización será o 31 de xaneiro 2025 debendo estar aprobada a conta xustificativa na data límite do 31 de decembro de 2024, respectando en todo caso o límite temporal do artigo 49, letra h) da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público.”

Na cláusula sexta. Modificación

“A modificación deste convenio poderá realizarse por mutuo acordo das partes, acreditando a concorrencia de interese común, e co límite substantivo de non alterar as condicións esenciais do documento inicial, e sempre e cando dito convenio este vixente, respectando o límite temporal máximo previsto no artigo 49.h da Lei 40/2015, do 01 de outubro, do Réxime xurídico do Sector Público.

A modificación do convenio levarase a cabo mediante addenda ao mesmo.”

Segunda.- O órgano competente para autorizar a aplicación dos remanentes e aprobar a modificación do convenio é a Xunta de Goberno.

#### Conclusiones.

Tendo en conta que o convenio está vixente, que se prevé a modificación do mesmo e que a aplicación de remanentes -derivados da licitación- para financiar outras actuacións que teñan a mesma finalidade se atopa regulada na cláusula terceira do citado convenio, dende a Sección de Fomento do Servizo de Contratación e Fomento infórmase favorablemente que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

1. Autorizar a aplicación dos remanentes (por importe de 2.210,80€) derivados da licitación das actuacións comprometidas no marco do convenio de cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de Trabada para cooperar na “Construción dun campo de bolos tradicional no complexo deportivo de Trabada; actuacións de mellora no complexo deportivo de Trabada e pavimentación e servizos da calle Joaquín Velasco” ano 2023, na liquidación da obra “Pavimentación e servizos da calle Joaquín Velasco”.

2. Aprobar o texto do borrador da addenda de modificación do Convenio de Cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de Trabada para cooperar na “Construción dun campo de bolos tradicional no complexo deportivo de Trabada; actuacións de mellora no complexo deportivo de Trabada e pavimentación e servizos da calle Joaquín Velasco” ano 2023, na que se modifican as cláusulas primeira, terceira e cuarta do convenio do que trae causa como consecuencia da autorización de aplicación de remanentes para financiar a liquidación de obra da “Pavimentación e servizos da calle Joaquín Velasco”, manténdose inalteradas o resto de cláusulas do convenio.”

|                     |   |              |                     |
|---------------------|---|--------------|---------------------|
|                     | IV7VUUA7JFXPT5N54BPCMNPUK4  | Fecha y Hora | 29/10/2024 11:43:36 |
| Normativa           | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. |              |                     |
| Firmado por         | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO   |              |                     |
| Firmado por         | JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)   |              |                     |
| Url de verificación | <a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7VUUA7JFXPT5N54BPCMNPUK4">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7VUUA7JFXPT5N54BPCMNPUK4</a>   | Página       | 73/89               |



Polo anteriormente exposto, tendo en conta que o expediente foi fiscalizado de conformidade por Intervención, en data 25 de outubro de 2024 (documento con CSV IV7UGPXS3BMS3ZN42XYU753WEY) propoño que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

Primeiro.- Autorizar a aplicación dos remanentes (por importe de 2.210,80 €) derivados da licitación das actuacións comprometidas no marco do Convenio de Cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de Trabada para cooperar no financiamento da “Construción dun campo de bolos tradicional no complexo deportivo de Trabada; actuacións de mellora no complexo deportivo de Trabada e pavimentación e servizos da calle Joaquín Velasco” ano 2023, na liquidación da obra “Pavimentación e servizos da calle Joaquín Velasco”.

Segundo.- Aprobar o texto do borrador da addenda de modificación do Convenio de Cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de Trabada para cooperar na “Construción dun campo de bolos tradicional no complexo deportivo de Trabada; actuacións de mellora no complexo deportivo de Trabada e pavimentación e servizos da calle Joaquín Velasco” ano 2023, na que se modifican as cláusulas primeira, terceira e cuarta do convenio do que trae causa como consecuencia da autorización de aplicación de remanentes para financiar a liquidación de obra da “Pavimentación e servizos da calle Joaquín Velasco”, manténdose inalteradas o resto de cláusulas do convenio, que quedaría redactada no seguinte senso:

*“Addenda ao convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Trabada para cooperar na “Construción dun campo de bolos tradicional no complexo deportivo de Trabada; actuacións de mellora no complexo deportivo de Trabada e pavimentación e servizos da calle Joaquín Velasco” ano 2023.*

Reunidos.


Dunha parte, don José Tomé Roca, Presidente da Deputación Provincial de Lugo, con N.I.F. P-27000001 e sede social en Lugo, rúa San Marcos 8, 27001,actuando en nome e representación da citada entidade, segundo dispón o artigo 34.1 b) da Lei 7/85, reguladora das Bases de Réxime Local.

Doutra parte, don Rubén García Freije, Alcalde do Concello de Trabada con NIF P2706100A e sede social en rúa do Concello 15, Trabada, actuando en nome e representación da citada entidade segundo dispón o artigo 21 da Lei 7/85, reguladora das Bases de Réxime Local.

Ante don José Antonio Mourelle Cillero, Secretario Xeral da Deputación de Lugo, en exercicio das funcións que lle son propias de acordo coa normativa de aplicación.

Ambas as partes recoñécense mutuamente capacidade xurídica e representación necesaria para obrigarse nos termos da presente addenda e a tal efecto,

|                     |   |              |                     |
|---------------------|---|--------------|---------------------|
|                     | IV7VUUA7JFXPT5N54BPCMNPUK4  | Fecha y Hora | 29/10/2024 11:43:36 |
| Normativa           | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. |              |                     |
| Firmado por         | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO   |              |                     |
| Firmado por         | JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)   |              |                     |
| Url de verificación | <a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7VUUA7JFXPT5N54BPCMNPUK4">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7VUUA7JFXPT5N54BPCMNPUK4</a>   | Página       | 74/89               |





*Manifestan.*

Primeiro.- A Xunta de Goberno, en sesión celebrada o 26 de maio de 2023, acordou, por unanimidade dos asistentes, aprobar o texto do convenio de cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de Trabada para cooperar na “Construción dun campo de bolos tradicional no complexo deportivo de Trabada; actuacións de mellora no complexo deportivo de Trabada e pavimentación e servizos da calle Joaquín Velasco” ano 2023, por importe total de 120.660,19 € e o gasto, en concepto de achega económica, por parte da Deputación, por importe de 115.000,00 € para o financiamento dos fins e actuacións contempladas no convenio, con cargo a aplicación orzamentaria 9420.76200 do orzamento xeral do ano 2023.

Segundo.- O convenio de cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de Trabada para cooperar na “Construción dun campo de bolos tradicional no complexo deportivo de Trabada; actuacións de mellora no complexo deportivo de Trabada e pavimentación e servizos da calle Joaquín Velasco” ano 2023, formalizouse o 26 de maio de 2023.

Terceiro.- O Alcalde do Concello de Trabada remitiu escrito, o 4 de outubro de 2024 (2024RT017168), no que literalmente se establece o seguinte:

“Expón

Con data 9 de maio de 2023 o Concello de Trabada asinou coa Deputación provincial de Lugo un convenio triple para a “Construción dun campo de bolos tradicional no complexo deportivo de Trabada” “Actuacións de mellora no complexo deportivo de Trabada” e Pavimentación e servizos da rúa Joaquín Velasco” por importe de 115.000€.

Vista a baixa que tivo lugar na execución do convenio por importe de 2.210,80 €.

Solicita

Aplicar os remanentes de 2.210,80 na liquidación da obra “Pavimentación e servizos da Rúa Joaquín Velasco”.

En virtude do sinalado anteriormente, todos os representantes recoñécense a capacidade xurídica suficiente e subscriben, en nome das entidades ás que representan, a presente addenda guiados exclusivamente por consideracións de interese público, de conformidade coas seguintes:

*Cláusulas.*

Primeira.- As partes acordan modificar as seguintes cláusulas:

A cláusula primeira: Obxecto.

A cláusula terceira: Obrigas e compromisos das partes.

A cláusula cuarta: Réxime económico.

As cales quedarían redactadas no seguinte senso:

Cláusula primeira.- Obxecto-

“Este Convenio ten por obxecto establecer as bases de cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de Trabada en exercicio das súas competencias, para a execución das actuacións que se detalla a continuación:

|                     |   |              |                     |
|---------------------|---|--------------|---------------------|
|                     | IV7VUUA7JFXPT5N54BPCMNPUK4  | Fecha y Hora | 29/10/2024 11:43:36 |
| Normativa           | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. |              |                     |
| Firmado por         | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO   |              |                     |
| Firmado por         | JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)   |              |                     |
| Url de verificación | <a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7VUUA7JFXPT5N54BPCMNPUK4">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7VUUA7JFXPT5N54BPCMNPUK4</a>   | Página       | 75/89               |



| Actuacións  | CUSTE TOTAL (IVE ENGADIDO) |
|---|----------------------------|
| Construción dun campo de bolos tradicional no complexo deportivo de Trabada |                            |
| Actuacións de mellora no complexo deportivo de Trabada                      | 112.789,20                 |
| Pavimentación e servizos da calle Joaquín Velasco                           |                            |
| Remanentes:   |                            |
| Liquidación da obra de pavimentación e servizos da calle Joaquín Velasco    | 5.208,52 €                 |
| <b>TOTAL</b>  | <b>117.997,72</b>          |

Para acadar este obxectivo compartido, ambas administracións comprométense a realizar as seguintes achegas económicas:

| ACHEGA DEPUTACIÓN   | ACHEGA CONCELLO |
|---------------------|-----------------|
| 115.000,00€         | 2.997,72 €      |
| TOTAL: 117.997,72 € |                 |

As achegas efectuaranse nos termos establecidos na cláusula cuarta.

Ambas administracións comprométense a realizar as tramitacións xurídico administrativas que resulten necesarias para acadar o fin común, prestándose mutuamente a cooperación requirida.”

Cláusula terceira.- Obrigas e compromisos das partes.

“3.1. Deputación Provincial de Lugo.

En cumprimento do presente convenio interadministrativo de cooperación, a Deputación Provincial comprométese ao seguinte:

Efectuar a achega económica prevista na cláusula cuarta (115.000,00 €)

Difundir a cooperación de ambas entidades no formato máis adecuado (cartel ou dixital, banners ou semellantes), facilitadas e/ ou elaboradas polo Gabinete de Comunicación da Deputación.

En caso de producirse baixas na licitación ou na execución, reducir a cantidade estipulada para o financiamento comprometida polo Concello, ou previa solicitude do Concello autorizar a aplicación dos remanentes producidos na licitación ou execución noutra actuación, que deberá ter a mesma finalidade e respecto da que deberá achegarse proxecto das actuacións pretendidas.

3.2. O Concello de Trabada.

En cumprimento do presente convenio de cooperación, o Concello de Trabada, comprométese ao seguinte:

Achegar, para a execución do convenio o financiamento de 2.997,72 € e o importe que reste e sexa necesario para dar cumprimento ao fin común perseguido e á súa correcta execución.

Achegar os proxectos técnicos; e, no seu caso, memorias técnicas necesarias para a execución das obras, segundo proceda legalmente.

Encargarse da dirección de obra e dirección de execución e coordinación de seguridade e saúde nas actuacións do presente convenio que o requiran legalmente.

Actuar como órgano de contratación e licitar a execución das actuacións con suxeición ao establecido na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

|                     |   |              |                     |
|---------------------|---|--------------|---------------------|
|                     | IV7VUUA7JFXPT5N54BPCMNP4  | Fecha y Hora | 29/10/2024 11:43:36 |
| Normativa           | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. |              |                     |
| Firmado por         | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO   |              |                     |
| Firmado por         | JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)   |              |                     |
| Url de verificación | <a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7VUUA7JFXPT5N54BPCMNP4">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7VUUA7JFXPT5N54BPCMNP4</a>       | Página       | 76/89               |





Aportar tódolos terreos precisos, e procurar os permisos e autorizacións das obras ou actuacións, para a súa correcta execución.

O prazo inicialmente previsto de execución é o 31 de agosto de 2024. Este prazo de execución pode ser obxecto de ampliación, debidamente motivada, por causas excepcionais non imputables ao Concello a través da modificación deste convenio sempre que convenio estea vixente, non se prexudiquen dereitos de terceiros e o novo prazo non exceda da metade do mesmo.

Convidar á representación institucional da Deputación de Lugo aos actos oficiais, recepción e calquera outros relacionados coas actividades obxecto deste convenio.

Difundir a colaboración prestada polo ente provincial, a través da inclusión do logotipo do mesmo no baleirado das placas. Devandito logotipo seralle facilitado polo Gabinete de Comunicación desta Deputación.

Prestar colaboración en todas aquelas actuacións para as cales fora requirido o Concello, co obxecto ultimo de lograr o fin do presente convenio.

Facilitar a información requirida para desenvolver a publicidade institucional referente a este convenio de cooperación, o seu obxecto e fin.

Autorizar cantas inspeccións e comprobacións se determinen pola Deputación Provincial de Lugo.”

Cláusula cuarta.- Réxime económico.

“Achegas:

1.- Achega da Deputación:

A Deputación de Lugo efectuará unha achega de 115.000,00 € con cargo á aplicación orzamentaria 9420.76200 do Orzamento Xeral da Deputación de Lugo da anualidade 2023 para afrontar os gastos que se deriven da execución deste convenio e o cumprimento dos seus fins de acordo coa actuación que figura na cláusula primeira.

2.- Achega do Concello:

O Concello de Trabada aportará para a execución do convenio o financiamento de 2.997,72 € e o importe que reste e sexa necesario para dar cumprimento ao fin común perseguido e á súa correcta execución.

Titularidade do resultado da cooperación.

O resultado da cooperación será do concello de Trabada.

Xustificación da achega económica.

O prazo inicialmente previsto para que o Concello de Trabada se aporte a conta xustificativa dos gastos enmarcados dentro deste convenio abarca inicialmente ata o 30 de setembro de 2024. Este prazo de xustificación pode ser obxecto de ampliación, debidamente motivada, por causas excepcionais non imputables ao Concello a través da modificación deste convenio sempre que convenio estea vixente, non se prexudiquen dereitos de terceiros e o novo prazo non exceda da metade do mesmo.

A conta xustificativa a aportar debe ter o seguinte contido:

Memoria de actuacións das actividades realizadas.

Memoria económica xustificativa do custo das actividades obxecto deste convenio, que conterà:

Relación clasificada de gastos da actividade obxecto deste convenio, con identificación do acredor e do documento, o seu importe, a data de emisión e a data pagamento.

|                     |   |              |                     |
|---------------------|---|--------------|---------------------|
|                     | IV7VUUA7JFXPT5N54BPCMNPUK4  | Fecha y Hora | 29/10/2024 11:43:36 |
| Normativa           | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. |              |                     |
| Firmado por         | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO   |              |                     |
| Firmado por         | JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)   |              |                     |
| Url de verificación | <a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7VUUA7JFXPT5N54BPCMNPUK4">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7VUUA7JFXPT5N54BPCMNPUK4</a>   | Página       | 77/89               |



Certificación expedida polo Interventor ou o Secretario do custo da actividade desenvolta, indicando os importes do financiamento, acreditando que a relación dos gastos da actividade atópase executado, as obrigas recoñecidas ou liquidadas polo órgano competente e pagadas.

Certificación expedida Interventor ou o Secretario de que a actuación foi realizada na súa totalidade co cumprimento das condicións estipuladas neste convenio.

a) Acta de recepción.

b) Declaración responsable emitida polo representante do Concello indicando que a entidade asumiu o custo do “Imposto sobre o valor engadido (IVE)”, por non ter a posibilidade de compensalo ou recuperalo. Ou ben, indicando que o concello non asume o custo do IVE por ter a posibilidade de compensalo ou recuperalo.

c) Declaración responsable do representante do Concello na que se faga constar que se atopa ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á seguridade social.

d) Declaración do representante do Concello sobre as subvencións ou axudas obtidas doutras administracións públicas ou entidades públicas ou privadas para o mesmo obxecto contemplado neste convenio de cooperación, con indicación do seu importe e procedencia ou, no seu caso, declaración de non ter outras subvencións ou axudas obtidas doutras administracións públicas ou entidades públicas ou privadas para o mesmo obxecto contemplado neste convenio de cooperación.

e) Declaración responsable na que se faga constar que o Concello non é debedor por resolución de procedencia de reintegro, é dicir, que non ten pendente de ingreso no Tesouro Público ningunha reclamación de débeda derivada dunha resolución de reintegro de axuda pública.

f) Declaración responsable, emitida polo representante do Concello, na que se faga constar que a actividade realizada foi obxecto de cooperación coa Deputación Provincial de Lugo e que este extremo se inseriu na publicidade de tódalas actuacións e nos soportes que se utilizaron na execución da actividade obxecto deste convenio.

g) Documento emitido pola entidade bancaria, no que se indique o número da conta na que se procederá, no seu caso, ao abono do gasto xustificado.

Unha vez aprobada a conta xustificativa polo Organismo Provincial, este procederá ao aboamento da cantidade que resulte fiscalizada favorablemente.”


Segunda. As cláusulas restantes do convenio de referencia, en tanto non queden afectadas por esta addenda, permanecerán invariables.

Ambas partes acordan incorporar ao convenio, suscrito con data 26 de maio de 2023, esta addenda a cal se rexerá polas condicións estipuladas no convenio do que trae causa, formando parte integrante do mesmo.

E en proba de conformidade cos termos expostos, as partes comparecentes asinan a presenta addenda do que como secretario que dou fe.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

|                     |   |              |                     |
|---------------------|---|--------------|---------------------|
|                     | IV7VUUA7JFXPT5N54BPCMNP4  | Fecha y Hora | 29/10/2024 11:43:36 |
| Normativa           | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. |              |                     |
| Firmado por         | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO   |              |                     |
| Firmado por         | JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)   |              |                     |
| Url de verificación | <a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7VUUA7JFXPT5N54BPCMNP4">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7VUUA7JFXPT5N54BPCMNP4</a>       | Página       | 78/89               |





**5.- PROPOSTA RELATIVA AO PREZO DE PARCELAS DE SOLO EMPRESARIAL, PROPIEDAD DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL, SITAS NO POLÍGONO INDUSTRIAL "SAAVEDRA" NO CONCELLO DE BEGONTE.**

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

"O Consello de Administración da Sociedad Urbanística Provincial de Lugo S.A, en sesión celebrada en data de 8 de xuño de 2007, acordou a adxudicación das parcelas deste Polígono Industrial de Begonte, aprobando o prezo unitario do solo, a razón de trinta e tres euros con cinco céntimos metro cadrado (33,05€/m2) máis IVE.

Na Sesión do Consello de Administración da Sociedad Urbanística Provincial de Lugo S.A, celebrada o 6 de novembro de 2017, dáse conta da solicitude de adquisición da parcela número 6 do Polígono Industrial de Begonte na que se indica que a parcela está atravesada por un tubo de gas, e se solicita, tendo en costa a citada carga, un desconto do 50 por cento sobre o prezo fixado polo Consello de Administración.

O Consello de Administración, acordou, unanimemente, aceptar esta proposta e a parcela foi vendida co desconto citado.

O Pleno da Excm. Deputación Provincial de Lugo , en sesión extraordinaria celebrada o día 30 de novembro de dous mil vinte adoptou, entre outros, os seguintes acordos: "...a extinción da Sociedad Urbanística Provincial de Lugo S.A (SUPLUSA) con efectos desde o día 30 de novembro de 2020.

a aceptación da cesión do activo e pasivo consonte o artigo 83 da Lei 3/2009, do 3 de abril, de modificacións estruturais das sociedades mercantís nas condicións establecidas no informe de intervención provincial de data de 20 de novembro de 2020.

A incorporación ao inventario provincial dos bens e dereitos nos que se subroga, de acordo con informe emitido pola Sección de Inventario, en data de 19 de novembro de 2020."

A extinción da Sociedad Urbanística Provincial de Lugo S.A, acordada polo Pleno da Deputación Provincial, en Sesión Extraordinaria, celebrada en data de 30 de novembro de 2020, mediante a cesión de activo e pasivo, consonte o artigo 83 da Lei 3/20019, de 3 de abril, de modificacións estruturais das sociedades mercantís implica a subrogación da Deputación Provincial de Lugo na posición xurídica de SUPLUSA respecto dos dereitos e obrigas das que esta era titular.

Na actualidade, de acordo co exposto e coa certificación emitida, pola Sección de Inventario, en data de 24 de setembro de 2021, con CSV IV7FQDXJFY72RRNYAM5CK3X7MU a Deputación Provincial de Lugo é propietaria das seguintes parcelas, de natureza urbana, sitas no Polígono Industrial de Begonte:

|                     |   |              |                     |
|---------------------|---|--------------|---------------------|
|                     | IV7VUUA7JFXPT5N54BPCMNPUK4  | Fecha y Hora | 29/10/2024 11:43:36 |
| Normativa           | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. |              |                     |
| Firmado por         | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO   |              |                     |
| Firmado por         | JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)   |              |                     |
| Url de verificación | <a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7VUUA7JFXPT5N54BPCMNPUK4">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7VUUA7JFXPT5N54BPCMNPUK4</a>   | Página       | 79/89               |



Figuran inscritas no Inventario Xeral de Bens e Dereitos desta Excmá Deputación Provincial ao número cincuenta e sete, folios trescentos dez ao trescentos trece, cos seguintes datos:

Referencia Catastral.

0563201PH1706S0001LR  
0563208PH1706S0001DR  
0563206PH1706S0001KR

As parcelas con referencia catastral 0563201PH1706S0001LR e referencia catastral 0563206PH1706S0001KR están atravesadas, tamén, pola rede de gas que atravesa a parcela 6 do Polígono Industrial, vendida pola Sociedad Urbanística Provincial de Lugo S.A. co desconto do 50% por metro cadrado pola existencia desta carga sobre a mesma.

Visto o informe emitido pola Secretaría Xeral e a Sección de Patrimonio, con CSVIV7UG3CILFZMTNEYXVVFLYLDEE , en data de 18 de outubro de 2024.

Tendo en conta o informe emitido aos efectos pola Intervención, con CSV, IV7UGEISL5GY5DRD3UOW65ZCA4 en data de 22 de outubro de 2024, propónse á Xunta de Goberno:

Aprobar unha bonificación do 50% no prezo por metro cadrado das parcelas do Polígono Industrial de “Saavedra” no Concello de Begonte, que están atravesadas pola rede de gas existente nesta zona, pola existencia desta carga sobre as mesmas.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

## **6.- PROPOSTA DE SOLICITUDE AO MINISTERIO DE POLÍTICA TERRITORIAL E MEMORIA DEMOCRÁTICA DA AMPLIACIÓN DO ALCANCE DO PROGRAMA IMPULSATIC NO MARCO DO PLAN DE RECUPERACIÓN, TRANSFORMACIÓN E RESILIENCIA (PRTR)**

Logo de ver a proposta do señor deputado delegado da Área de Promoción Económica e Social, do seguinte teor:

“Á vista do informe conxunto do Servizo de Comunicación e TICs e da Sección de Innovación e Participación Cidadá que a teor literal di:

*“Antecedentes*

Primeiro.- A Deputación de Lugo resultou beneficiaria das axudas reguladas na Orde TER/836/2022, do 29 de agosto, pola que se aproban as bases reguladoras de subvencións destinadas á transformación dixital e modernización das administracións das entidades locais, no marco do Plan de Recuperación,

|                     |   |              |                     |
|---------------------|---|--------------|---------------------|
|                     | IV7VUUA7JFXPT5N54BPCMNUK4   | Fecha y Hora | 29/10/2024 11:43:36 |
| Normativa           | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. |              |                     |
| Firmado por         | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO   |              |                     |
| Firmado por         | JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)   |              |                     |
| Url de verificación | <a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7VUUA7JFXPT5N54BPCMNUK4">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7VUUA7JFXPT5N54BPCMNUK4</a>     | Página       | 80/89               |







Transformación e Resiliencia, e se efectúa a convocatoria correspondente a 2022. As subvencións contempladas na devandita Orde destínanse a financiar proxectos de modernización e dixitalización no ámbito das administracións das entidades locais. Os destinatarios das actuacións a realizar son os concellos da provincia de Lugo con poboación inferior a 20.000 habitantes.

Segundo.- A Xunta de Goberno da Deputación de Lugo, en sesión ordinaria do 02 de decembro de 2022, acorda concorrer a estas axudas presentando inicialmente un proxecto por cada unha das cinco liñas de estratéxicas. Posteriormente, en sesión ordinaria do 20 de xaneiro de 2023, a Xunta de Goberno da Deputación de Lugo acorda agrupar dous deses proxectos en un, pasando de cinco(5) proxectos a catro(4).

Terceiro.- O Ministerio de Política Territorial, en resolución do 31 de maio de 2023 (que posteriormente foi modificada na resolución de 14 de xullo de 2023) conceden as axudas co seguinte reparto final:

| NUM EXPTE MINISTERIO | NOME PROXECTO  | LIÑA | PRESUPUESTO PROXECTO | IMPORTE CONCESIÓN PROXECTO | INCREMENTO IMPORTE CONCESIÓN ART. 9.4 (resolución 31 de maio de 2023) | INCREMENTO IMPORTE CONCESIÓN ART. 9.4 (resolución 14 de xuño de 2023) | TOTAL SUBV     |
|----------------------|--|------|----------------------|----------------------------|---|---|----------------|
| 499-632848           | Proxecto 1.<br>Adecuación al Esquema Nacional de Interoperabilidad (ENI) y avance de la eficiencia de los servicios básicos de la administración digital de los ayuntamientos de la provincia de Lugo a través de la integración con los principales servicios y herramientas de interoperabilidad municipales | 5    | 297.000,00 €         | 297.000,00 €               |   |   |                |
| 499-632865           | Proxecto 2.<br>Ayuntamientos de la provincia de Lugo resilientes. Creación de oficinas municipales de prestación de servicios electrónicos a los ciudadanos e implantación de un sistema de automatización y digitalización de las sesiones plenarias municipales.   | 4    | 3.175.175,83 €       | 1.291.445,83 €             | 2.143.402,15 €  | 689.834,66 €  | 4.421.682,64 € |
| 499-632899           | Proxecto 3.<br>Democratización en el acceso a la información de las vías intermunicipales de la provincia de Lugo y sistema de apoyo a la toma de decisiones.  | 3    | 3.470.000,00 €       | 0,00 €                     |   |   |                |
| 499-632921           | Proxecto 4.<br>Ayuntamientos de la provincia de Lugo abiertos, transparentes y accesibles  | 1    | 1.036.000,00 €       | 0,00 €                     |   |   |                |
|                      |  |      | 7.978.175,83 €       | 1.588.445,83 €             |   |   |                |

Cuarto.- Os proxectos presentados pola Deputación de Lugo na convocatoria tiñan a orde de prelación que se mostra na táboa anterior. Posto que a concesión de axudas final é de 4.421.682,64 € non alcanza para realizar os catro proxectos inicialmente presentados, tampouco alcanzaría para realizar os tres primeiros (que suman

|                     |   |              |                     |
|---------------------|---|--------------|---------------------|
|                     | IV7VUUU7JFXPT5N54BPCMNPUK4  | Fecha y Hora | 29/10/2024 11:43:36 |
| Normativa           | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. |              |                     |
| Firmado por         | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO   |              |                     |
| Firmado por         | JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)   |              |                     |
| Url de verificación | <a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7VUUU7JFXPT5N54BPCMNPUK4">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7VUUU7JFXPT5N54BPCMNPUK4</a>   | Página       | 81/89               |



6.942.175,83 €). Así, propónse realizar os dous primeiros proxectos xunto co último o que suma un orzamento estimado de 4.508.175,83€, cifra máis próxima ao importe final de axudas concedida. Desta forma as axudas repartiríanse entre os proxectos 1, 2 e 4, mantendo os importes mínimos indicados na concesión de axudas, e farase un replanteo e axuste dos mesmos para que a suma final do importe dos tres proxectos a executar non exceda dos 4.421.682,64 € da axuda concedida. Deste modo non será necesario que a Deputación de Lugo faga ningunha achega con fondos propios, xa que os proxectos 1, 2 e 4 executaríanse, polo importe da axuda concedida.

Quinto.- A Xunta de Goberno da Deputación de Lugo, en sesión ordinaria do 23 de xuño de 2023, aproba o modelo de colaboración e os anexos para que os concellos da provincia de Lugo de menos de 20.000 habitantes, beneficiarios últimos das axudas da Orde TER/836/2022 e dos proxectos que foron concedidos a Deputación, manifesten a súa decisión de participar no programa e indiquen, para cada un dos tres proxectos, en que actividades están interesadas. Desta forma, os tres proxectos e as súas subactividades, enmarcanse dentro do programa ImpulsaTIC, Plan de Dixitalización da Provincia de Lugo, aprobándose nesta Xunta de Goberno o Convenio tipo de cooperación interadministrativo entre a Deputación Provincial de Lugo e os concellos dos municipios da provincia con menos de 20.000 habitantes para participar nas actuacións a desenvolver pola Deputación Provincial de Lugo ao amparo da ORDE TER/836/2022, do 29 de agosto, pola que se aproban as bases reguladoras de subvencións destinadas á transformación dixital e modernización das administracións das Entidades Locais no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.

Sexto.- A Deputación de Lugo crea o programa ImpulsaTIC, Plan de Dixitalización da Provincia de Lugo, para agrupar as propostas presentadas no marco da Orde TER/836/2022, dividindo cada un dos tres proxectos a realizar en diferentes subactuacións. No Anexo I do convenio que se asinou con cada un dos concellos este indicou en cales das actuacións dispoñibles estaba interesado, permitindo desta forma axustar o alcance dos proxectos ás necesidades do concello. En particular estas son as actuacións nas que se subdividen os tres proxectos:

Proxecto 1. Adecuación ao esquema nacional de interoperabilidade e mellora da eficiencia dos servizos básicos de administración dixital dos concellos da provincia de Lugo a través da integración cos principais servizos e ferramentas de interoperabilidade supramunicipais. (enmarcado na liña estratéxica 5. Interoperabilidade de servizos básicos de administración dixital).

Proxecto 2. Concellos da provincia de Lugo resilientes, creación de oficinas municipais de prestación de servizos electrónicos aos cidadáns e implantación do sistema de automatización e dixitalización das sesións plenarias municipais (enmarcado na liña estratéxica 4: Infraestruturas dixitais). Coas seguintes subactuacións:

Oficinas de asistencia en materia de rexistro. Subministración do equipamento necesario para reconverter o servizo de rexistro municipal nunha oficina de asistencia cidadá.

|                     |   |              |                     |
|---------------------|---|--------------|---------------------|
|                     | IV7VUUA7JFXPT5N54BPCMNUK4   | Fecha y Hora | 29/10/2024 11:43:36 |
| Normativa           | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. |              |                     |
| Firmado por         | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO   |              |                     |
| Firmado por         | JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)   |              |                     |
| Url de verificación | <a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7VUUA7JFXPT5N54BPCMNUK4">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7VUUA7JFXPT5N54BPCMNUK4</a>     | Página       | 82/89               |





Concellos resilientes. Consiste en dotar aos concellos de ferramentas colaborativas cloud así como de equipos que faciliten a mobilidade e o traballo a distancia.

Videoplénos. Subministración do equipamento e do *software* que permita a automatización do proceso de creación da acta dos plenos municipais, a través da implantación dun sistema que permita gravar as sesións plenarias e que esta gravación sirva como base para a acta do Pleno.

Proxecto3. Concellos da provincia de Lugo abertos, transparentes e accesibles (enmarcado na liña estratéxica 1: Administración orientada ao cidadán). Coas seguintes subactuacións:

Ferramentas de accesibilidade na web municipal. Dotar dunha capa de ferramentas de accesibilidade sobre a web municipal.

Implantación dun *chatbot* na web municipal para a axuda ao cidadán. Integrado coa web municipal adestrado para responder as principais consultas dos cidadáns e que os guíe na consulta dos servizos públicos

Implantación dun módulo de transparencia financeira no portal de transparencia do concello.

Sétimo.- Con data 28 de xullo de 2023 asínanse os convenios de colaboración con un total de 52 concellos. Cada un dos concellos adheridos ao programa a través de dito convenio achegan unha enquisa na que detallan o estado actual do concello en canto a *software* (indicando os sistemas operativos máis estendidos, o aplicativo de administración electrónica, de contabilidade, etc) como *hardware* (indicando os postos de traballo que teñen actualmente).

Oitavo.- Vistas as actividades nas que cada concello quere participar, e en base á información das enquisas remitidas por cada concello que permiten determinar a situación actual e as súas necesidades, elaborouse a distribución final baseada nesta información e de forma equitativa por cada unha das actividades. En Xunta de Goberno de 24.11.2023 prestouse aprobación a este reparto e ao alcance dos proxectos e actuacións enmarcados dentro do proxecto ImpulsaTIC para cada un dos 52 concellos adheridos.

Noveno.- A Xunta de Goberno da Deputación de Lugo en sesión ordinaria do 01 de marzo de 2024 aproba solicitar ante o Ministerio de Política Territorial e Memoria Demográfica unha extensión do período de execución da subvención concedida ata o máximo permitido conforme ao apartado 11 da Orde TER/836/2022. Resolvendo a data de 15 de marzo de 2024 a Dirección Xeral de Cooperación Autonómica e Local a ampliación do prazo dos tres proxectos solicitados ata o 30 de setembro de 2024.

Décimo.- No mes de decembro de 2023 iníciáanse con carácter de urxencia as licitacións asociadas á execución dos proxectos. Na seguinte táboa resúmense os contratos iniciados, vinculados a cada proxecto, o importe estimado dos mesmos e o importe da adxudicación:

|                     |   |              |                     |
|---------------------|---|--------------|---------------------|
|                     | IV7VUUA7JFXPT5N54BPCMNPUK4  | Fecha y Hora | 29/10/2024 11:43:36 |
| Normativa           | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. |              |                     |
| Firmado por         | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO   |              |                     |
| Firmado por         | JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)   |              |                     |
| Url de verificación | <a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7VUUA7JFXPT5N54BPCMNPUK4">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7VUUA7JFXPT5N54BPCMNPUK4</a>   | Página       | 83/89               |



| PROYECTO   | L.E. | NUM EXP CONT.      | TITULO EXP. CONT.  | IMPORTE LICITACIÓN | IMPORTE ADJUDICACION |
|--|------|--------------------|--|--------------------|----------------------|
| 499-632848 - Adecuación al Esquema Nacional de Interoperabilidad (ENI) y avance de la eficiencia de los servicios básicos de la administración digital de los ayuntamientos de la provincia de Lugo a través de la integración con los principales servicios y herramientas de interoperabilidad municipales | 5    | 2023/CON_02/000075 | CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE ASISTENCIA E SEGUIMENTO PARA A IMPLANTACIÓN MUNICIPAL DOS PROXECTOS ENMARCADOS DENTRO DO PROGRAMA IMPULSATIC (PLAN DE DIXITALIZACIÓN DA PROVINCIA DE LUGO), «PLAN DE RECUPERACIÓN, TRANSFORMACIÓN E RESILIENCIA - FINANCIADO POLA UNIÓN EUROPEA - NEXTGENERATIONEU»   | 29.436,65 €        | 17.584,08 €          |
|  |      | 2023/CON_02/000076 | CONTRATACIÓN DO SUBMINISTRO E IMPLANTACIÓN DA INTEGRACIÓN DOS SISTEMAS DE TRAMITACIÓN MUNICIPAIS CO SISTEMA DE PADRÓN E SISTEMA CONTABLE ENMARCADO DENTRO DO PROGRAMA IMPULSATIC (PLAN DE DIXITALIZACIÓN DA PROVINCIA DE LUGO), NO MARCO DO "PLAN DE RECUPERACIÓN, TRANSFORMACIÓN E RESILIENCIA - FINANCIADO POLA UNIÓN EUROPEA - NEXT GENERATION EU".   | 62.617,50 €        | 62.617,50 €          |
|  |      | 2023/CON_02/000077 | CONTRATACIÓN DA ADECUACIÓN DA PLATAFORMA DE ADMINISTRACIÓN ELECTRÓNICA DO CONCELLO DE MONFORTE DE LEMOS PARA A SÚA INTEGRACIÓN COAS FERRAMENTAS DA ADMINISTRACIÓN XERAL DO ESTADO (INTEGRACIÓN DE REGISTROS SIR, INTEGRACIÓN CO SISTEMA DE NOTIFICACIÓN A TRAVÉS DO DEHÚ, INTEGRACIÓN CO PUNTO XERAL DE ENTRADA DE FACTURAS FACE E INTEGRACIÓN CO CARTAFOL CIDADÁ). CONTRATO ENMARCADO DENTRO DO PROGRAMA IMPULSATIC (PLAN DE DIXITALIZACIÓN DA PROVINCIA DE LUGO) NO MARCO DO "PLAN DE RECUPERACIÓN, TRANSFORMACIÓN E RESILIENCIA-FINANCIADO POLA UNIÓN EUROPEA - NEXT GENERATION EU" | 83.715,33 €        | 83.715,33 €          |
| 499-632865 Ayuntamientos de la provincia de Lugo resilientes. Creación de oficinas municipales de prestación de servicios electrónicos a los ciudadanos e implantación de un sistema de automatización y digitalización de las sesiones plenarias municipales.   | 4    | 2023/CON_02/000078 | CONTRATACIÓN POR LOTES DA SUBMINISTRACIÓN E IMPLANTACIÓN DUN SISTEMA DE GRAVACIÓN, AUTOMATIZACIÓN E DIXITALIZACIÓN DAS SESIÓNS PLENARIAS MUNICIPAIS PROXECTO ENMARCADO DENTRO DO PROGRAMA IMPULSATIC (PLAN DE DIXITALIZACIÓN DA PROVINCIA DE LUGO), NO MARCO DO "PLAN DE RECUPERACIÓN, TRANSFORMACIÓN E RESILIENCIA - FINANCIADO POLA UNIÓN EUROPEA - NEXT GENERATION EU"  | 2.013.428,42 €     | 1.910.869,18 €       |
|  |      | 2024/CON_02/000006 | CONTRATACIÓN DA SUBMINISTRACIÓN E INSTALACIÓN DO EQUIPAMENTO PRECISO PARA A CREACIÓN DAS OFICINAS DE ASISTENCIA EN MATERIA DE REGISTRO MUNICIPAIS E DOTACIÓN DE EQUIPAMENTO PARA OS CONCELLOS RESILIENTES PROXECTO ENMARCADO DENTRO DO PROGRAMA IMPULSATIC (PLAN DE DIXITALIZACIÓN DA PROVINCIA DE LUGO) NO MARCO DO "PLAN DE RECUPERACIÓN, TRANSFORMACIÓN E RESILIENCIA-FINANCIADO POLA UNIÓN EUROPEA - NEXT GENERATION EU"   | 1.310.840,00 €     | 1.019.047,86 €       |
| 499-632921 Ayuntamientos de la provincia de Lugo abiertos, transparentes y accesibles  | 1    | 2024/CON_02/000010 | CONTRATACIÓN DO SUBMINISTRO E IMPLANTACIÓN DE CHATBOTS MUNICIPAIS, FERRAMENTAS PARA A MELLORA DA ACCESIBILIDADE DAS WEBS MUNICIPAIS E MÓDULO DE TRANSPARENCIA FINANCIERA. PROXECTO ENMARCADO DENTRO DO PROGRAMA IMPULSATIC (PLAN DE DIXITALIZACIÓN DA PROVINCIA DE LUGO) NO MARCO DO "PLAN DE RECUPERACIÓN, TRANSFORMACIÓN E RESILIENCIA-FINANCIADO POLA UNIÓN EUROPEA - NEXT GENERATION EU"   | 800.200,00 €       | 606.526,77 €         |

Décimo primeiro.- A axuda concedida para a realización dos tres proxectos mencionados foi de 4.421.682,64 €, unha vez revisado o alcance das actuacións (en base á información dos convenios cos concellos adheridos), licítanse todos os traballos por un importe estimado total de 4.300.237,90 €. Á hora da formalización dos contratos precisos para levar a cabo estas actuacións a suma total do importe de adxudicación sumou 3.700.360,72 €, quedando por tanto un remanente da axuda inicial de 599.877,18 €.

Décimo segunda.- A Xunta de Goberno da Deputación de Lugo, en sesión ordinaria de día 12 de xullo de 2024, acorda solicitar, en base ao artigo 11.1 da Orde TER/836/2022, unha ampliación do prazo de execución dos proxectos ata o máximo posible. Resolvendo o Ministerio de Política Territorial e Memoria Democrática, con data 23 de xullo de 2024, a extensión de dito prazo de execución ata o 31 de abril de 2025.

*Consideracións.*

Primeira.- Visto que todos os contratos dos proxectos que integran o programa Impulsatic, foron licitados e adxudicados en tempo e forma, e que existe un remanente de 599.877,18 € con respecto á axuda inicial concedida para a realización dos tres proxectos mencionados anteriormente.

Segunda.- Visto que o prazo de execución para ditos proxectos se estende ata o 31 de abril de 2025.

|                     |   |              |                     |
|---------------------|---|--------------|---------------------|
|                     | IV7VUUA7JFXPT5N54BPCMNPUK4  | Fecha y Hora | 29/10/2024 11:43:36 |
| Normativa           | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. |              |                     |
| Firmado por         | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO   |              |                     |
| Firmado por         | JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)   |              |                     |
| Url de verificación | <a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7VUUA7JFXPT5N54BPCMNPUK4">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7VUUA7JFXPT5N54BPCMNPUK4</a>   | Página       | 84/89               |





*Conclusión.*

Polo exposto, informamos sobre a necesidade de realizar as actuacións administrativas oportunas para elevar á Xunta de Goberno a seguinte proposta de acordo:

Solicitar ante o Ministerio de Política Territorial e Memoria Demográfica unha ampliación do alcance do proxecto “Ayuntamientos de la provincia de Lugo resilientes. Creación de oficinas municipales de prestación de servicios electrónicos a los ciudadanos e implantación de un sistema de automatización y digitalización de las sesiones plenarias municipales” do programa Impulsatic (Plan de dixitalización da provincia de Lugo) con número de expediente 499-632865 para incorporar as seguintes subactuacións:

Subactuación 1. Dotación de servidores municipais. Que consiste en renovar os servidores locais municipais que actualmente están obsoletos (tanto en recursos hardware como en *software*), para substituílos por servidores de nova xeración, con altas capacidades, máis seguros e eficientes. O importe estimado para esta actuación sería de 260.000€.

Subactuación 2. Implantación dun punto de fichaxe e un sistema de control horario. Para que os concellos poidan automatizar e modernizar o rexistro da xornada laboral conforme o artigo 34 do Real Decreto 2/2015, de 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto de Traballadores, dotarase a cada concello dun terminal de físico de fichaxe xunto con tarxetas para os traballadores municipais, ademais implantarase un aplicación que permita realizar a xestión das fichaxes e os permisos, dende o ordenador vía web ou dende o móbil vía APP. O importe estimado para esta actuación sería de 260.000€.”

Á vista dos informes emitidos polos diferentes Servizos desta Entidade, fórmulase á Xunta de Goberno a seguinte proposta de acordo:

Solicitar ante o Ministerio de Política Territorial e Memoria Demográfica unha ampliación do alcance do proxecto “Ayuntamientos de la provincia de Lugo resilientes. creación de oficinas municipales de prestación de servicios electrónicos a los ciudadanos e implantación de un sistema de automatización y digitalización de las sesiones plenarias municipales” con número de expediente 499-632865 para incorporar as seguintes subactuacións:

Subactuación 1. Dotación de servidores municipais. Que consiste en renovar os servidores locais municipais que actualmente están obsoletos (tanto en recursos hardware como en *software*), para substituílos por servidores de nova xeración, con altas capacidades, máis seguros e eficientes. O importe estimado para esta actuación sería de 260.000€.

|                     |   |              |                     |
|---------------------|---|--------------|---------------------|
|                     | IV7VUUA7JFXPT5N54BPCMNPUK4  | Fecha y Hora | 29/10/2024 11:43:36 |
| Normativa           | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. |              |                     |
| Firmado por         | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO   |              |                     |
| Firmado por         | JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)   |              |                     |
| Url de verificación | <a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7VUUA7JFXPT5N54BPCMNPUK4">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7VUUA7JFXPT5N54BPCMNPUK4</a>   | Página       | 85/89               |



Subacutación 2. Implantación dun punto de fichaxe e un sistema de control horario. Para que os concellos poidan automatizar e modernizar o rexistro da xornada laboral conforme o artigo 34 do Real Decreto 2/2015, de 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto de Traballadores, dotarase a cada concello dun terminal de físico de fichaxe xunto con tarxetas para os traballadores municipais, ademais implantarase un aplicación que permita realizar a xestión das fichaxes e os permisos, dende o ordenador vía web ou dende o móbil vía APP. O importe estimado para esta actuación sería de 260.000€.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

**7.- PROPOSTA DE INICIO DO PROCEDIMENTO DE DECLARACIÓN DE PERDA DE DEREITO E APERTURA DE TRÁMITE DE AUDIENCIA DE SUBVENCÍONS DESTINADAS A ENTIDADES E CLUBS DEPORTIVOS DA PROVINCIA DE LUGO EN CONCORRENCIA COMPETITIVA, ANO 2023.**

Logo de ver a proposta da Vicepresidencia, do seguinte teor:

“Vistos os informes emitidos pola Área de Deportes; o Deputado Delegado que subscribe, propón á Xunta de Goberno, a adopción dos seguintes acordos:

**1º.-** Iniciar o procedemento de declaración de perda de dereito e apertura de trámite de audiencia da subvención concedida mediante acordo da Xunta de Goberno desta Excma. Deputación Provincial, de data 28 de xullo de 2023, polo cal se resolve o concurso de subvencións destinadas a entidades e clubs deportivos da provincia de Lugo en concorrencia competitiva, ano 2023, convocado, mediante anuncio publicado no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, núm. 064 do sábado 18 de marzo de 2023.

| CATEGORIA                            | NOME ENTIDADE                                | NOME ACTIVIDADE |
|--------------------------------------|--|-----------------|
| Actividade competitiva federada 2023 | CLUB DE ATLETISMO VERXEL NUTRICION DEPORTIVA | ATLETISMO       |
| Actividade competitiva federada 2023 | TRINAT GALICIA                               | TRIATLON        |

**2º.-** En cumprimento do antedito, do regulado no art. 89 do Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións e do previsto no artigo 82 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, notificar ao beneficiario, o inicio do procedemento de declaración de perda de dereito ao cobramento a beneficiarios de subvencións destinadas a entidades e clubs deportivos da provincia de Lugo en concorrencia competitiva, ano 2023, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno desta Excma. Deputación Provincial, de data 28 de xullo de 2023 e a apertura do respectivo trámite de audiencia, para que no prazo de dez (10) días poida alegar e presentar os documentos e as xustificacións que considere pertinentes, ou no seu caso, antes do vencemento do prazo, manifestación da súa decisión de non efectuar alegacións nin presentar novos documentos ou xustificacións.”

|                     |   |              |                     |
|---------------------|---|--------------|---------------------|
|                     | IV7VUUA7JFXPT5N54BPCMNPUK4  | Fecha y Hora | 29/10/2024 11:43:36 |
| Normativa           | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. |              |                     |
| Firmado por         | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO   |              |                     |
| Firmado por         | JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)   |              |                     |
| Url de verificación | <a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7VUUA7JFXPT5N54BPCMNPUK4">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7VUUA7JFXPT5N54BPCMNPUK4</a>   | Página       | 86/89               |





A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

**8.- CONTA E CUMPRIMENTO DA SENTENZA Nº 3385/2024.**

Logo de ver a proposta do Director da Asesoría Xurídica, do seguinte teor:

“Visto que no procedemento de Despido nº 660/2023 seguido a instancia de D. Julio Méndez López fronte á Deputación Provincial de Lugo o Xulgado do Social nº 4 de Lugo ditou a Sentenza 87/2024 de data 11 de marzo de 2023, cuxo fallo é o seguinte:

*“Que estimando íntegramente la demanda de despido interpuesta por don Julio Méndez López contra la Excma Diputación Provincial de Lugo:*

*Debo declarar y declaro la improcedencia del cese de don Julio Méndez López, debiendo la demandada optar, en el plazo de cinco días desde la notificación de la presente resolución, entre la readmisión del Sr. Méndez López en las condiciones que regían antes de producirse el despido y el abono de los salarios dejados de percibir desde la fecha del despido hasta la readmisión, o el abono de una indemnización de 56.644,58 euros, de la que deberán deducirse los 25.282,80 € ya abonados a don Julio.*

*De no optar entre readmisión o indemnización se entiende que procede la primera, debiendo en este supuesto don Julio reintegrar a la demandada las cantidades de ella percibidas tras su despido.”*

Visto que a Deputación Provincial de Lugo comunicou ao Xulgado en data 22 de marzo de 2024 que exercitaba a opción de indemnización.

Asemade, a Deputación Provincial de Lugo interpón recurso de suplicación que se resolve polo Tribunal Superior de Xustiza de Galicia ditando a Sentenza nº 3385/2024, de data 8 de xullo de 2024, cuxo fallo é o seguinte:


*“Desestimamos el recurso de suplicación interpuesto por la Diputación Provincial de Lugo contra la sentencia de fecha 11/03/2023 dictada por el Juzgado de lo Social número 4 de Lugo en el procedimiento sobre despido registrado con número 660/2023 y, en consecuencia, confirmamos la sentencia recurrida.*

*Con imposición de costas a la recurrente, que comprenden los honorarios del abogado o graduado social colegiado que actuó en la impugnación del recurso en cuantía de 750 euros*

*Se decreta la pérdida de las cantidades objeto de depósito y consignación, a las que se dará el destino legal.”*

Vista, asemade, a Dilixencia de Ordenación de data 26 de setembro de 2024 na que, entre outras cuestións, acorda declarar a firmeza da Sentenza.

|                     |   |              |                     |
|---------------------|---|--------------|---------------------|
|                     | IV7VUUA7JFXPT5N54BPCMNPUK4  | Fecha y Hora | 29/10/2024 11:43:36 |
| Normativa           | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. |              |                     |
| Firmado por         | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO   |              |                     |
| Firmado por         | JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)   |              |                     |
| Url de verificación | <a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7VUUA7JFXPT5N54BPCMNPUK4">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7VUUA7JFXPT5N54BPCMNPUK4</a>   | Página       | 87/89               |



Tendo en conta que as Sentenzas e demais resolucións xudiciais firmes son de obrigado cumprimento por imperativo legal (artigo 118 da Constitución Española, artigo 17 da Lei Orgánica 6/1985, de 1 de xullo, do Poder Xudicial e artigos 103 a 113 da Lei 29/1998, de 13 de xullo Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa).

Considerando, por tanto, a necesidade de dar cumprimento á devandita Sentenza, a indemnización que terá que aboar a Deputación ascenderá a 31.361,78 euros, resultado de deducir dos 56.644,58 euros da condea os 25.282,80 euros xa aboados. Asemade terá que facer fronte ao pago das custas procesais fixadas na Sentenza en 750 euros, unha vez se practique a correspondente taxación das mesmas.

Vista a comunicación de existencia de crédito suficiente para o aboamento das cantidades antes indicadas en concepto de indemnización e custas procesais comunicada polo Servizo de Intervención, á Xunta de Goberno propónse:

**1º.-** Darse por enterada da devandita Sentenza nº3385/2024, do 8 de xullo de 2024, ditada pola Sala do Social do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no Recurso de Suplicación 2818/2024.

**2º.-** Levar a debido efecto e practicar o que esixa o cumprimento da devandita Sentenza

**3º.-** O importe a aboar en concepto de indemnización é de 31.361,78 euros, resultado de deducir aos 56.644,58 euros obxecto de condea a cantidade de 25.282,80 euros xa aboados ao actor.

**4º.-** O importe en concepto de custas procesais ascende a 750 euros, que deberán aboarse unha vez se practique a correspondente taxación e a mesma adquira firmeza.”


A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

## 9.- COMUNICACIÓNS DA PRESIDENCIA.

*Dación de conta da Sentenza nº 153/2024.*

Dase conta da sentenza nº 153/2024, de 9 de setembro de 2024, ditada polo Xulgado do Contencioso Administrativo nº 2 de Lugo no Procedemento Abreviado 267/2023-A, seguido a instancia de Dña. Blanca María Vázquez Enríquez e D. Jesús Sánchez Fernández, fronte o Decreto do Servizo de Xestión Tributaria e Recadación en materia de responsabilidade tributaria, e en cuxo fallo dí o seguinte: *“Debo inadmitir e inadmito el recurso interpuesto por doña Blanca María Vázquez Enríquez y don Jesús Sánchez Fernández frente al Decreto del servicio de gestión tributaria y recaudación de*

|                     |   |              |                     |
|---------------------|---|--------------|---------------------|
|                     | IV7VUUA7JFXPT5N54BPCMNP4  | Fecha y Hora | 29/10/2024 11:43:36 |
| Normativa           | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. |              |                     |
| Firmado por         | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO   |              |                     |
| Firmado por         | JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)   |              |                     |
| Url de verificación | <a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7VUUA7JFXPT5N54BPCMNP4">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7VUUA7JFXPT5N54BPCMNP4</a>       | Página       | 88/89               |







19 julio 2023 de la Diputación provincial que declara responsabilidad tributaria subsidiaria de los recurrentes al no haber agotada la vía administrativa previa mediante la interposición del preceptivo recurso de reposición." A Xunta de Goberno queda enterada.

2ª.- Comunicación da Presidencia relativa á sesión da Xunta de Goberno correspondente ó día un de novembro de 2024.

Por parte do Presidente da Deputación comunícase que, tendo en conta que a sesión da Xunta de Goberno que corresponde a próxima semana, coincide co día un de novembro, festivo, e que polo tanto a sesión pasaría a celebrarse o día cinco de novembro, o que retrasaría uns días a tramitación de diversos expedientes.

Por todo elo, e dado que lle corresponde ó Presidente a convocatoria das sesións da Xunta de Goberno, procede que a sesión correspondente ao próximo día un de novembro, se celebre o día trinta e un de outubro, a mesma hora. A Xunta de Goberno queda enterada.

#### 10.- ROGOS E PREGUNTAS REGULAMENTARIAMENTE FORMULADOS.

Non se formulan polos señores/as deputados/as.

E non habendo máis asuntos de que tratar, o Presidente levanta a sesión, sendo as once horas e quince minutos do día de referencia, de todo o cal eu, o Secretario, certifico.

**O PRESIDENTE,**

**O SECRETARIO,**

|                     |   |              |                     |
|---------------------|---|--------------|---------------------|
|                     | IV7VUUA7JFXPT5N54BPCMNPUK4  | Fecha y Hora | 29/10/2024 11:43:36 |
| Normativa           | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. |              |                     |
| Firmado por         | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO   |              |                     |
| Firmado por         | JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)   |              |                     |
| Url de verificación | <a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7VUUA7JFXPT5N54BPCMNPUK4">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7VUUA7JFXPT5N54BPCMNPUK4</a>   | Página       | 89/89               |

